COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por X. Departamento Modernización Procesos (ANGEL JOSE HERNANDEZ LEDESMA) a las 08:45 del día 13/06/2019. Mediante el código de verificación 2B1Y0E4C1B2Q044E1ABD puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gob.es/

obxecto de conseguir que os propietarios executen as obras necesarias de conservación e de rehabilitación, mesmo ordenando a execución destas se for necesario.

Dentro das competencias para desenvolver nestes expedientes está o mantemento do Libro de Rexistro de edificios da ITE, cuxos datos son públicos, con efectos estatísticos e informativos, de conformidade coa normativa de protección de datos e do procedemento administrativo común.

XESTIÓN DE VIVENDAS MUNICIPAIS, onde se inclúen todas as actuacións que se desenvolven coas máis de 400 vivendas municipais en réxime de alugueiro, desde xestión das adxudicacións das vivendas, formalización de contratos, emisión de recibos mensuais comprensivos da renda e outros gastos de comunidade e subministracións, prórrogas e subrogacións, actualizacións e revisións de renda, etc., ata calquera cuestión relacionada coa execución ou coa modificación dos contratos de arrendamento.

Tamén se levan a cabo todas as tarefas administrativas e técnicas que se desenvolven para o mantemento destas vivendas e a súa rehabilitación se fose necesaria (cómpre lembrar que o Concello ten un parque de vivendas localizadas en moitos casos en edificios de máis de 40 ou 50 anos de antigüidade).

DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS EN MATERIA DE VIVENDA, no que se inclúen diversas funcións novas no Servizo:

- Posta en marcha da xestión do proceso de implementación e de desenvolvemento do Plan de acceso ao hábitat digno das persoas habitantes dos asentamentos precarios.
- Encomenda de xestión a EMVSA para a posta en funcionamento dun banco de vivendas en réxime de aluguer con destino a colectivos con dificultades de acceso á vivenda, complementada con diversas medidas de corte social.

PROCEDEMENTO DE EMENDA DE DEFICIENCIAS NAS EDIFICIACIÓNS E DECLARACIÓNS DE RUÍNA, xa que, desde o mes de marzo do ano 2017, primeiro por resolución do 24.03.2017 do Tenente de Alcalde responsable da Área de Rexeneración Urbana, Dereito á Vivenda e Mobilidade Sostible, e despois coa entrada en vigor da nova Relación de Postos de Traballo, aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 25.08.2017 (BOP núm. 165 do 31.08.2017), creouse a Sección de Conservación da Edificación e Ruínas dentro do Servizo de Rehabilitación e Vivenda, á que se encomendou a xestión destes procedementos de corrección de deficiencias e declaracións de ruína de todo tipo de edificacións, construcións e terreos, dentro do termo municipal.

Trátase de facer cumprir aos propietarios dos inmobles o seu deber de conservación e rehabilitación, intervindo a través de ordes de execución que obriguen ao cumprimento deste deber. É necesario incoar procedementos ante diversos motivos, como partes da Policía Local ou Servizo de Bombeiros, denuncias particulares, inspeccións de oficio, ITES desfavorables, etc.. Tramítase todo o procedemento ata conseguir acadar a emenda ou corrección das deficiencias detectadas.

Tamén se instrúen e tramitan as declaracións de ruína de inmobles, de oficio ou a instancia de parte, a través de un expediente contraditorio, onde se analiza toda a

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1218500 LMUEI-PDMLA-ELZHT 91D5425B51A1D98A3B6701D89B52F9DE965DD453) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por X. Departamento Modernización Procesos (ANGEL JOSE HERNANDEZ LEDESMA) a las 08:45 del día 13/06/2019. Mediante el código de verificación 2B1Y0E4C1B2Q044E1ABD puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gob.es/

documentación do inmoble e a súa realidade física, para emitir un ditame pericial, de contido técnico, no que se conclúa a posible situación ou non de ruína, a súa clasificación e as medidas de seguridade necesarias, de ser o caso. Incluso, no caso de determinar que non hai situación de ruína, é necesario incluír as obras que se deben realizar para a rehabilitación do inmoble.

ÁREAS RESULTADO CLAVE

Fundamentalmente serían as 3 seguintes:

1. SUBVENCIÓNS

Este campo é o máis importante do servizo, por ser o que se dirixe a máis cidadáns, e o que ten a maior reserva orzamentaria.

Nos datos de resultado das actividades realizadas pódese ver o esforzo económico que o Concello ven de realizar nos últimos anos para dotar con fondos propios o sistema de axudas á rehabilitación en edificios e vivendas. Ademais vense executando na súa totalidade nos últimos anos, aínda que a maioría das subvencións non se paguen no ano ao que se imputan orzamentariamente ao ser necesario obter licenza para comezar as obras, e a súa execución e finalización para o pagamento da axuda.

Realízase unha pequena comparación con datos de achega municipal con fondos propios a este sistema de subvencións nos últimos anos, segundo o orzamento inicial:

TIPO SUBVENCIÓN	ANO	IMPORTE ORZAMENTADO
Elementos comúns e habitabilidade	2018	1.200.000,00 €
	2017	1.200.000,00 €
	2016	771.604,55 €
	2015	800.000,00 €
	2014	800.000,00 €
Instalación ascensores – accesibilidade	2018	1.450.000,00 €
	2017	1.450.000,00 €
	2016	1.200.000,00 €
	2015	1.150.000,00 €
	2014	1.000.000,00 €
Áreas de rehabilitación integral – achega municipal á rehabilitación de vivendas	2018	634.375,00 €
	2017	0,00 €*
	2016	1.451.520,45 €
	2015	0,00 €
	2014	450.000,00 €*
Mellora imaxe urbana e cartelería ámbito PEPRI	2018	0,00 €
	2017	0,00 €
	2016	80.000,00 €

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1218500 LMUEI-PDMLA-ELZHT 91D5425B51A1D98A3B6701D89B52F9DE965DD453) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por X. Departamento Modernización Procesos (ANGEL JOSE HERNANDEZ LEDESMA) a las 08:45 del día 13/06/2019. Mediante el código de verificación 2B1Y0E4C1B2Q044E1ABD puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gob.es/

TIPO SUBVENCIÓN	ANO	IMPORTE ORZAMENTADO
	2015	80.000,00 €
	2014	250.000,00 €
Soterramento de cableado exterior	2014	50.000,00 €
TOTAL ACHEGA MUNICIPAL SUBVENCIÓNS REHAB.	2018	3.284.375,00 €
	2017	2.650.000,00 €
	2016	3.503.125,00 €
	2015	2.030.000,00 €
	2014	2.550.000,00 €

*No ano 2017 non se convocaron ata recibir o convenio da prórroga en decembro; xestionaranse no 2018. No 2014 de xeito excepcional dedicáronse fondos municipais para completar actuacións xa que non chegara o financiamento externo para todas as solicitudes.

2. INSPECCIÓN DE EDIFICIOS

É un dos procedementos máis complicados de cantos se realizan no Servizo de Rehabilitación e Vivenda, xunto cos procedementos de corrección de deficiencias e declaracións de ruína dos inmobles. Estes procedementos tentan acadar o cumprimento por parte da propiedade da súa obriga de rehabilitación e de conservación dun inmoble; na súa tramitación aparecen problemas debido a intereses diferentes entre copropietarios, dificultades económicas, anhelos especulatorios, arrendamentos de renda antiga, locais comerciais que dificultan as obras, etc.

Non obstante, como consecuencia da sentenza de 14.12.2017 ditada polo Tribunal Constitucional que declarou inconstitucional a normativa básica estatal en materia de inspección técnica de edificios e informe de avaliación, no ano 2018 neste servizo suspendeuse a tramitación dos expedientes relativos ás ITEs ata a aprobación dun novo marco regulador e a adaptación ao mesmo da vixente Ordenanza municipal.

3. XESTIÓN DE SISTEMAS DE ACCESO Á VIVENDA

As liñas de actuación en materia de vivenda para garantir o dereito constitucional ao acceso a unha vivenda digna deben constituír un dos principais desvelos do servizo, pois entendemos que, ademais da xestión de alugueiros das vivendas municipais que se veñen realizando desde hai anos, poden implantarse novos recursos que permitan garantir a vivenda e o seu acceso a toda a veciñanza.

Considérase que poden implantarse medidas económicas ademais das axudas á rehabilitación, como subvencións ao alugueiro no mercado libre para determinados colectivos especialmente sensibles, ou mesmo procesos de realoxo de habitantes de asentamentos precarios, en colaboración coa área municipal de xustiza social e coidados.

As tres actuacións fundamentais son as seguintes:

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1218500 LMUEI-PDMLA-ELZHT 91D5425B51A1D98A3B6701D89B52F9DE965DD453) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por X. Departamento Modernización Procesos (ANGEL JOSE HERNANDEZ LEDESMA) a las 08:45 del día 13/06/2019. Mediante el código de verificación 2B1Y0E4C1B2Q044E1ABD puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gob.es/

1.POSTA EN MARCHA DO PROCESO DE ACCESO A UN HÁBITAT DIGNO: neste ámbito, no 2016 déronse os primeiros pasos para levar a cabo un proceso de implantación do Plan de acceso a un hábitat digno de persoas habitantes dos asentamentos precarios na cidade, aprobado pola Xunta de Goberno Local o 17 de xuño de 2016.

No mes de marzo de 2017 empezou a traballar o equipo completo de persoal dedicado a este proceso que ten como finalidade a inclusión social, habitacional e laboral dos residentes nos tres asentamentos existentes na cidade: A Pasaxe, O Portiño e As Rañas.

O primeiro paso para tentar buscar alternativas habitacionais, deuse coa aprobación da "*Instrución para establecer o procedemento de asignación de vivendas municipais no marco do proceso de acceso a un hábitat digno das persoas habitantes dos asentamentos precarios na Coruña"*, por resolución ditada o 20 de febreiro de 2017 polo Tenente de Alcalde responsable da Área de Rexeneración Urbana, Dereito á Vivenda e Mobilidade Sostible, por delegación da Xunta de Goberno Local, e publicada no BOP núm. 43 do 03.03.2017.

Ao abeiro desta Instrución procedeuse a realoxar a 11 Unidades de Convivencia ao longo do ano 2017, fundamentalmente pola inminente execución da Sentenza do 18/06/2015 (recurso de apelación 4148/2015) ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que obrigou ao concello ao realoxo dos afectados no asentamento polo derrubo da antiga nave industrial de A Toxa, e a outras catro ao longo do ano 2018.

2. ENCOMENDA DE XESTIÓN A EMVSA PARA UN BANCO DE VIVENDAS EN RÉXIME DE ALUGUER CON DESTINO A COLECTIVOS CON DIFICULTADES DE ACCESO: o Concello trata de paliar a dificultade de acceso a unha vivenda que teñen diversos colectivos na cidade, e no 2017 deu os primeiros pasos para poñen en funcionamento unha bolsa de aluguer de vivendas con renda reducida, tanto de vivendas municipais como de vivendas no mercado libre, a través de convocatorias públicas que garanten os principios de publicidade, transparencia e igualdade de oportunidades.

O mecanismo que mellor se adaptou a esta liña de actuación foi a encomenda de xestión a EMVSA, que entre as súas finalidades e obxectivos, segundo os seus estatutos, está promover o estudo, a promoción, a xestión ou a execución de calquera tipo de actividade urbanística, así como de promoción de vivenda, dentro do termo municipal da Coruña; así, a Xunta de Goberno Local aprobou a encomenda de xestión á devandita entidade no acordo adoptado na súa sesión de data 26 de outubro de 2017 publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 214 do 10/11/2017.

Esta encomenda supón articular un sistema de aluguer entre os propietarios das vivendas e EMVSA, e a posterior cesión das vivendas en réxime de cesión de uso ás unidades de convivencia por parte da empresa municipal. Este é un proceso de acceso gradual ás vivendas polos colectivos con dificultades que lles permitise nun primeiro momento acceder á vivenda cunha renda reducida e outras posibles medidas temporais, e de xeito paulatino ir aboando a totalidade da renda no caso de que cambiaren as súas circunstancias económicas e de inserción social, de ser o caso.

Na súa posta en marcha, EMVSA de xeito inicial asumiu os 24 alugueiros que a Fundación Obra Social Caixa Galicia, na actualidade AFundación, tiña no seu programa

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1218500 LMUEI-PDMLA-ELZHT 91D5425B51A1D98A3B6701D89B52F9DE965DD453) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por X. Departamento Modernización Procesos (ANGEL JOSE HERNANDEZ LEDESMA) a las 08:45 del día 13/06/2019. Mediante el código de verificación 2B1Y0E4C1B2Q044E1ABD puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gob.es/

de erradicación do chabolismo, para o que subscribira un convenio nominativo co concello desde o ano 2014, e que rematou no mes de decembro do 2017, tras comunicar a súa intención de finalizalo no ano 2016.

No ano 2018 non se avanzou na redacción do Regulamento para a constitución do banco de vivendas, que debería regular tanto a incorporación de vivendas ao banco (unicamente incorporáronse dúas de xeito extraordinario, por captación directa dende o grupo de hábitat digno), coma a constitución de listas de solicitantes e os baremos para a súa priorización, de xeito que a actividade da encomenda mantivese na xestión das vivendas herdadas de AFundación.

3. AUMENTO DO PARQUE MUNICIPAL DE VIVENDA CON DESTINO A ALUGUER SOCIAL: a corporación municipal abriu unha nova liña en materia de vivenda, tentando aumentar o parque municipal de vivenda con destino a aluguer social, xa que desde os anos 2010 e 2011 non se incorporou ningunha vivenda ao patrimonio municipal, tras a entrega por parte do Instituto Galega de Vivenda e Solo de 67 vivendas, logo das novas construcións de edificios en Novo Mesoiro e Avenida de Monelos.

O procedemento axeitado, consonte coa normativa de patrimonio das administracións públicas, e utilizado para a nova adquisición foi a través dunha convocatoria pública para a adquisición de vivendas e edificios con destino ao aumento do patrimonio municipal de solo, integración social e finalidade de intervención no urbanismo, cunha idea de tentar a transformación do urbanismo da cidade e achegar á veciñanza a satisfacción do seu dereito a unha vivenda digna.

Así, con data 19/05/2017 a Xunta de Goberno Local aprobou as Bases reguladoras da convocatoria pública para a adquisición, acordo que se publicou no BOP núm. 99 do 29/05/2017. Despois, de novo por acordo da Xunta de Goberno Local do 02/06/2017, abriuse a convocatoria para participar neste procedemento, cun prazo de dous meses, que finalizou o 14/08/2017. O orzamento inicial previsto foi de 1.260.000 €. Dentro deste prazo presentáronse 45 ofertas aos 2 lotes, lote 1 de pisos e vivendas unifamiliares, e lote 2 de edificios, incluídos os que estiveran en estado de abandono ou declarados en ruína.

Despois de todo o proceso de selección e valoración das ofertas, a comisión de valoración finalmente aceptou 13 ofertas para valorar e taxar. Logo da renuncia presentada pola entidade propietaria dunha vivenda, quedaron de xeito definitivo 12 ofertas que o concello valorou e a empresa taxadora externa contratada ao efecto taxou. Fíxose unha contraoferta aos 12 propietarios segundo o establecido nas bases, xa que o crédito inicial abondaba para a adquisición dos 12 inmobles ao prezo calculado consonte cas devanditas bases.

O resultado final de todo o proceso foi a compra dos seguintes 6 inmobles:

Enderezo	Prezo da adquisición
Rúa Joaquín Martín Martínez, 10- 4ºA	54.575,00 €
Rúa Santander, 23- 3º	91.290,30 €
Rúa Almirante Mourelle, 62- 1º esquerda	51.680,00 €

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1218500 LMUEI-PDMLA-ELZHT 91D5425B51A1D98A3B6701D89B52F9DE965DD453) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por X. Departamento Modernización Procesos (ANGEL JOSE HERNANDEZ LEDESMA) a las 08:45 del día 13/06/2019. Mediante el código de verificación 2B1Y0E4C1B2Q044E1ABD puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gob.es/

Enderezo	Prezo da adquisición
Rúa Barrera 30, 3º	69.230,77 €
Rúa Fe, 8- 3º	51.480,00 €
Rúa Agra de Bragua, 11- 4º dereita	64.672,04 €

Ao longo de 2018 a Xunta de Goberno Local, de acordo cos ditames previos do Consello Consultivo de Galicia, acordou a revisión de oficio e declarou a nulidade das Resolucións ditadas polo Tenente Alcalde da Area de Emprego e Economía Social mediante as que o Concello adquiría as vivendas situadas nas rúas Joaquín Martín Martínez, 10- 4ºA; Santander, 23- 3º; Almirante Mourelle, 62- 1º esquerda; Barrera 30, 3º; e Fe, 8- 3º.

OBXECTIVOS DO EXERCICIO

- Optimizar, mediante actuacións de rehabilitación, o parque de vivendas existente e ao mesmo tempo promover a rexeneración de espazos urbanos degradados.
- Impulsar a accesibilidade nos edificios.
- Fomentar a participación nos programas de rehabilitación de edificios e vivendas.
- Impulsar a conservación e rehabilitación de edificios e vivendas mediante a aplicación da normativa da Inspección Técnica de Edificios, especialmente no relativo á efectividade das ordes de execución de obras que emenden as deficiencias detectadas.
- Adaptación da regulación municipal das ITE ao Informe de Avaliación de Edificios previsto no proxecto de Lei de Rehabilitación da CAG
- Mellorar a eficiencia e calidade dos servizos

CUSTOS

		2016	2017	2018
Gastos de Persoal	Imputación Directa	693.200,89	699.128,84	793.185,69
Gastos Correntes	Imputación Directa	350.186,40	396.386,36	680.570,70
	Imputación Indirecta	5.967,23	115.045,27	123.823,59
	TOTAL GASTOS	1.049.354,52	1.210.560,47	1.597.579,98

RESULTADOS DA ACTIVIDADE			
Actividade	**Clas.**	**Cuantificador**	**Resultado %**
1.- SUBVENCIÓNS Á REHABILITACIÓN CON FONDOS PROPIOS	P	Nº total de vivendas con subvención	1.829
		Nº total de ascensores con subvención	60
		Orzamento inicial	2.650.000
		Importe comprometido ou pagado	2.484.810,68

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1218500 LMUEI-PDMLA-ELZHT 91D5425B51A1D98A3B6701D89B52F9DE965DD453) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por X. Departamento Modernización Procesos (ANGEL JOSE HERNANDEZ LEDESMA) a las 08:45 del día 13/06/2019. Mediante el código de verificación 2B1Y0E4C1B2Q044E1ABD puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gob.es/

RESULTADOS DA ACTIVIDADE

Actividade	Clas.	Cuantificador	Resultado %
		Porcentaxe de execución orzamentaria	93,76
1.1.- SUBVENCIÓNS Á REHABILITACIÓN DE VIVENDAS	P	Nº de solicitudes presentadas	356
1.1.A.- ELEMENTOS COMÚNS	P	Nº de solicitudes presentadas	80
1.1.B.- HABITABILIDADE	P	Nº de solicitudes presentadas	28
1.1.C. LOCAIS COMERCIAIS	P	Nº de solicitudes presentadas	1
1.2. INSTALACIÓN ASCENSORES OU ADAPTACIÓN Á NORMATIVA VIXENTE	P	Nº de solicitudes presentadas	165
1.3.-ACTUACIÓNS DE MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA	P	Nº de solicitudes presentadas	82
1.4.- MELLORA ESTÉTICA PEPRI E CAMBIO CARTELERÍA	P	NON CONVOCADAS	0
2.- SUBVENCIÓNS COFINANCIADAS DE OUTROS PROGRAMAS ANTERIORES.- ÁREAS REHABILITACIÓN INTEGRAL CONVOCATORIAS ANOS ANTERIORES	P	Mariñeiros Fase V - Importe total concedido	236.615,92
		Palavea Fase IV - Importe total pagado remanentes	1.212,10
		Sagrada Familia - Importe total pagado remanentes	1.284,00
		Elviña I - Importe total pagado remanentes	31.201,05
ITE: 1.- EXPEDIENTES ARQUIVADOS	P	Nº de IAE/ITES presentadas como favorables	46
		Nº de IAE/ITES presentadas como desfavorables e arquivadas tras a execución das obras requiridas	16
		Outros	0
		Nº total expedientes arquivados	62
ITE: 2.- EXPEDIENTES EN TRAMITACIÓN	P	Nº total de expedientes en tramitación	455
2.A.- CON ORDE DE EXECUCIÓN DE OBRAS	P	Nº de expedientes con licenza de obras solicitada ou concedida	-
		Nº de expedientes pendentes de solicitar licenza de obras	-
2.B.- SUSPENSIÓN PENDENTES DE TRAMITACIÓN DE DECLARACIÓN DE RUINA	P	Nº de expedientes	-
2.C.- OUTRAS FASES DO PROCEDEMENTO (REQUERIMENTO	P	Nº de expedientes	-

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1218500 LMUEI-PDMLA-ELZHT 91D5425B51A1D98A3B6701D89B52F9DE965DD453) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por X. Departamento Modernización Procesos (ANGEL JOSE HERNANDEZ LEDESMA) a las 08:45 del día 13/06/2019. Mediante el código de verificación 2B1Y0E4C1B2Q044E1ABD puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gob.es/

RESULTADOS DA ACTIVIDADE

Actividade	Clas.	Cuantificador	Resultado %
DOCUMENTACIÓN, INFORME TÉCNICO, ETC...)			
2.D.- INICIACIÓN NO ANO 2017	P	Nº de expedientes	22
ITE: 3.- OUTROS DATOS DE INTERESE	P	Nº de IAE/ITES presentadas	38
		Nº de requerimentos de ITE reiterados	3
		Nº de requerimentos de certificado final de obras ou de idoneidade	12
		Nº de informes técnicos realizados	58
		Nº de informes xurídicos realizados	121
		Nº de notificacións realizadas nos expedientes de ITE	119
VIVENDAS MUNICIPAIS: 1.- DATOS INFORMATIVOS E SITUACIÓNS ARRENDATICIAS	P	Nº de vivendas de propiedade municipal	409
		Nº de vivendas adquiridas no ano	0
		Nº de locais e garaxes de propiedade municipal	37
		Nº de vivendas adxudicadas(alugueiro)	6
		Nº de vivendas baleiras	15
		Nº de incidencias para reparar nas vivendas	180
		Nº de resolucións de actualización de rendas	30
		Nº de resolucións de renovación de contratos	12
		Solicitudes de subrogación de contratos aceptadas	7
VIVENDAS MUNICIPAIS: 2.- REHABILITACIÓN E MANTEMENTO	P	Vivendas rehabilitadas de xeito integral	6
		Importe orzado para rehabilitación	860.000
		Importe comprometido para rehabilitación	158.614,00
		Porcentaxe de execución orzamento rehabilitación de vivendas	18,44
		Importe orzado para mantemento e conservación de vivendas	153.027,64

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1218500 LMUEI-PDMLA-ELZHT 91D5425B51A1D98A3B6701D89B52F9DE965DD453) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por X. Departamento Modernización Procesos (ANGEL JOSE HERNANDEZ LEDESMA) a las 08:45 del día 13/06/2019. Mediante el código de verificación 2B1Y0E4C1B2Q044E1ABD puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gob.es/

RESULTADOS DA ACTIVIDADE

Actividade	Clas.	Cuantificador	Resultado %
		Importe comprometido para mantemento	143.841,28
		Porcentaxe de execución orzamento mantemento de vivendas	81,56
VIVENDAS MUNICIPAIS: 3. XESTIÓN ECONÓMICA	P	Nº de recibos emitidos por rendas mensuais	4.328
		Importe total remesas de recibos	629.940,99
		Importe pendente de pagamento do total de remesas	121.373,36
		Porcentaxe de recadación dos recibos	80,73
VIVENDAS MUNICIPAIS: 4. CONTÍA DOS GASTOS DE COMUNIDADES	P	Importe pagado en cotas de comunidade	56.717,18
REXISTRO E INFORMACIÓN	P	Nº de persoas atendidas na Oficina Municipal de Rehabilitación	18.349
		Consultas presenciais e telefónicas	16.422
		Nº de documentos rexistrados de entrada	2.017
		Nº de documentos rexistrados de saída	1.052
		Nº de expedientes tramitados	824
CONTRATOS ADMINISTRATIVOS	P	Contratos promovidos desde o Servizo	23
		Nº de contratos menores	20
		Importe de adxudicación contratos menores	358.658,85
VISITAS E INFORMES TÉCNICOS	P	Visitas técnicas de comprobación/inspección	147
		Informes técnicos emitidos	118
		Memorias ou proxectos técnicos redactados	4
		Direccións de obras	3
CONVENIOS DE SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS	P	Nº de convenios nominativos	0
		Importe obxecto de subvención	0
XESTIÓN ORZAMENTARIA: FACTURACIÓN	P	Nº de facturas presentadas	649
		Importe facturas presentadas	1.881.954,90

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1218500 LMUEI-PDMLA-ELZHT 91D5425B51A1D98A3B6701D89B52F9DE965DD453) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por X. Departamento Modernización Procesos (ANGEL JOSE HERNANDEZ LEDESMA) a las 08:45 del día 13/06/2019. Mediante el código de verificación 2B1Y0E4C1B2Q044E1ABD puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gob.es/

RESULTADOS DA ACTIVIDADE

Actividade	Clas.	Cuantificador	Resultado %
		Importe facturas pagadas	964.123,58
		Importe facturas anuladas	749.013,47
		Porcentaxe pagada sobre facturas	85,15
XESTIÓN ORZAMENTARIA: EXECUCIÓN	P	Orzamento inicial do Servizo	5.813.109,22
		Orzamento total Servizo con modificacións e remanentes	8.535.097,58
		Capítulo gasto corrente	1.299.073,54
		Capítulo gasto en investimento	2.881.632,58
		Capítulo subvencións	4.354.391,46
		Orzamento total comprometido	4.247.281,78
		Orzamento total pagado	2.581.158,00
		Porcentaxe executada a nivel de compromiso Orzamento inicial	73,06
		Porcentaxe executada a nivel de pago Orzamento inicial	30,24
HABITAT DIGNO: RESIDENCIA	P	Nº total de persoas - dec 2017	418
		Nº total de persoas - dec 2018	403
		Nº total de unidades de convivencia – dec 2017	130
		Nº total de unidades de convivencia – dec 2018	125
HABITAT DIGNO: REALOXOS	P	Nº de persoas realoxadas	30
		Nº de unidades realoxadas	8
		Nº de persoas en vivendas municipais	26
		Nº de realoxos en vivendas municipais	6
		Nº de persoas en mercado libre	4
		Nº de realoxos en mercado libre	2
		Nº total de realoxos programas anteriores	3
HABITAT DIGNO: INTERVENCIÓN EN ORIENTACIÓN LABORAL	P	Persoas con intervención laboral aberta	107
		Seguimentos realizados	321
		Persoas en proceso de integración social avanzado	44
		Unidades de convivencia en proceso de integración social	16

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1218500 LMUEI-PDMLA-ELZHT 91D5425B51A1D98A3B6701D89B52F9DE965DD453) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por X. Departamento Modernización Procesos (ANGEL JOSE HERNANDEZ LEDESMA) a las 08:45 del día 13/06/2019. Mediante el código de verificación 2B1Y0E4C1B2Q044E1ABD puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gob.es/

RESULTADOS DA ACTIVIDADE

Actividade	Clas.	Cuantificador	Resultado %
		avanzado	
PROCEDEMENTO DE EMENDA DE DEFICIENCIAS	P	Expedientes abertos	176
		Expedientes nos que se fixeron actuacións	300
		Expedientes arquivados	26
		Expedientes en trámite ao 31.12.2018	599
PROCEDEMENTO DE DECLARACIÓN DE RUÍNA	P	Expedientes abertos	3
		Expedientes nos que se fixeron actuacións	49
		Ditames de ruína	1
		Ruínas propostas	6
		Ruínas declaradas	3
		Expedientes arquivados	3
		Expedientes en trámite ao 31.12.2018	209

INDICADORES

INDICADOR	2016	2017	2018
Nº de expedientes de subvencións resoltos	119	103	153
Nº de vivendas beneficiarias de subvencións	1.455	1.008	1829
Porcentaxe orzamento subvencións comprometido	86,46	72,88	93,76
ITE: Nº de expedientes con resolución	484	170	62
ITE: Nº de expedientes iniciados	167	47	0
Vivenda municipal: orzamento comprometido	319.427,96	398.519,83	302.455,28
Vivenda municipal: Nº de contratos de arrendamento asinados	3	4	6
Vivenda municipal: importe pagado en concepto de rendas	521.979,38	529.844,45	508.567,63
Vivenda municipal: porcentaxe de recadación de rendas	82,9	83,36	80,73
Proceso hábitat digno : nº total persoas residentes	469	418	402
Proceso hábitat digno: nº total persoas realoxadas	0	36	30
Proceso hábitat digno: nº total realoxos	0	11	8
Procedemento de declaración de ruína: nº de ruínas declaradas	4	2	3

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1218500 LMUEI-PDMLA-ELZHT 91D5425B51A1D98A3B6701D89B52F9DE965DD453) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por X. Departamento Modernización Procesos (ANGEL JOSE HERNANDEZ LEDESMA) a las 08:45 del día 13/06/2019. Mediante el código de verificación 2B1Y0E4C1B2Q044E1ABD puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gob.es/

INDICADORES			
INDICADOR	**2016**	**2017**	**2018**
Rexistro de entrada: número de documentos	1.342	1.644	2.017
Rexistro de saída: número de documentos	1.873	1.517	1.052
Expedientes: número de tramitados	1.632	1.147	824
Facturación: Importe pagado por factura	809.652,83	850.460,47	964.123,58
Facturación: porcentaxe de facturas pagadas	91,12	91,27	85,15
Orzamento: porcentaxe executada	48,04	59,52	30,24
Orzamento: porcentaxe comprometida	76,2	73,2	73,06

CONCLUSIÓNS

Apúntanse a continuación os temas máis relevantes do exercicio 2018, igualmente organizados por áreas de xestión:

A) SUBVENCIÓNS: o orzamento dedicado polo concello ás subvencións para obras de rehabilitación financiadas de xeito íntegro con fondos propios incrementouse nos últimos anos case nun 30% máis, xa que se pasou de un pouco máis de 2.000.000 € do ano 2015, a 2.650.000 € no ano 2018. Este incremento supuxo que se pasase de executar practicamente a totalidade do gasto previsto para axudas a elementos comúns e habitabilidade, a totalidade en accesibilidade, a que a porcentaxe fose de case un 75% na execución orzamentaria do crédito en subvencións. Debería por tanto o concello adoptar algunha medida para garantir a execución de todo o crédito que se destine a este tipo de axudas.

É sobresaínte de xeito claro o aumento da demanda das axudas municipais á rehabilitación, xa que no ano 2015 presentáronse 211 solicitudes, e no 2018, 386, o que supuxo manter o número da convocatoria anterior, debido á modificación realizada da Ordenanza municipal para incluír un novo suposto para actuacións de mellora da eficiencia enerxética, cunha porcentaxe do 30% sobre o presuposto protexido da obra, xa que antes este tipo de rehabilitacións estaban encadradas no suposto xeral cunha porcentaxe do 10%.

Da xestión do gran número de solicitudes presentadas na convocatoria de axudas municipais nos anos 2017 e 2018 púxose de manifesto a dificultade de revisión da múltiple documentación que se necesita para a concesión da subvención, xa que a persoa solicitante é unha comunidade de propietarios na maioría dos casos, pero os beneficiarios finais son as persoas propietarias individuais que a compoñen, polo que cada unha delas debe reunir todos os requisitos esixidos na ordenanza e na normativa vixente en materia de subvencións públicas.

B. INSPECCIÓNS TÉCNICAS DE EDIFICIOS: neste caso as tarefas tanto técnicas como xurídicas que hai que realizar en todo o procedemento atópanse bastante estandarizadas e dos datos que se mostran nos resultados da actividade ponse de manifesto a dificultade de pechar os expedientes con ITE favorable, obras executadas e

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1218500 LMUEI-PDMLA-ELZHT 91D5425B51A1D98A3B6701D89B52F9DE965DD453) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por X. Departamento Modernización Procesos (ANGEL JOSE HERNANDEZ LEDESMA) a las 08:45 del día 13/06/2019. Mediante el código de verificación 2B1Y0E4C1B2Q044E1ABD puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gob.es/

terminadas, ou mesmo a suspensión durante a solicitude e tramitación da licenza e posterior execución das obras.

En 2018 fixose unha labor de tramitación das ITEs presentadas como consecuencia do incremento de requirimentos realizado no ano 2016, no que se acabou de requirir a presentación da ITE a todos os edificios que quedaban ata finalizar todo o ámbito do PEPRI Cidade Vella-Peixaría, e que tiñan de prazo un ano para cumprir con esta obriga. Non obstante, logo da sentenza do 14.12.2017 ditada polo Tribunal Constitucional que declarou inconstitucional a normativa básica estatal en materia de inspección técnica de edificios e informe de avaliación, no ano 2018 neste servizo suspendeuse a tramitación dos expedientes relativos ás ITEs.

C. XESTIÓN DA VIVENDA MUNICIPAL: o máis salientable é, ante a gran cantidade de arranxos múltiples e avarías que se producen nos sistemas de instalacións varias das vivendas municipais, a adxudicación dun contrato administrativo de servizo de mantemento básico e reparacións das vivendas municipais, locais e demais inmobles de titularidade municipal, o que permite dar unha resposta máis áxil e eficiente ás avarias e arranxos nas vivendas e nas súas instalacións, e evitar as múltiples facturas que se tramitaban e pagaban por arranxar as incidencias unha a unha.

D. PROCESO DE ACCESO A UN HÁBITAT DIGNO: o Equipo, nesta anualidade, destinou os esforzos no eido habitacional no asentamento da Pasaxe. Contou con dous medios para poder realoxar as familias beneficiarias do Plan: a Instrución para a asignación de vivendas municipais, xa referida, e o alugueiro no mercado libre a través do convenio de colaboración desenvolvido por Afundación.

Outro dos aspectos positivos dos realoxos foi a ruptura do estigma social de vivir nun asentamento, que posibilitou a estas persoas iniciar de xeito efectivo a mellora da súa empregabilidade e/ou nivel formativo, así como a interiorización do seu dereito de participación cidadá plena e efectiva.

A área de traballo máis visible é a habitacional, que se centrou no asentamento de A Pasaxe, pero o Equipo destina moitos medios e recursos para concienciar e sensibilizar as persoas residentes nos outros asentamentos precarios da cidade, así como ao colectivo de Penamoa e Orillamar. Con este gran colectivo se está a traballar nos eidos laboral, sociocomunitario e educativo e, no caso dos asentamentos de As Rañas e O Portiño, preparando a súa saída nun período de tempo máis largo. No caso de Orillamar e as familias de Penamoa que forman parte do noso ámbito de intervención os esforzos concéntrase, ademais, en mellorar o compromiso cara os deberes inherentes á tenencia da vivenda.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1218500 LMUEI-PDMLA-ELZHT 91D5425B51A1D98A3B6701D89B52F9DE965DD453) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por X. Departamento Modernización Procesos (ANGEL JOSE HERNANDEZ LEDESMA) a las 08:45 del día 13/06/2019. Mediante el código de verificación 2B1Y0E4C1B2Q044E1ABD puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gob.es/

Servizos á Cidadanía

Arquivo Histórico

Responsable: Suarez Rodriguez, Maria de la O
Dirección: C/Duran Loriga 10, 3º
Teléfono: 981184394

MISIÓN

A Lei 39/20015, de 1 de outubro, de Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas, no seu artigo 13 d) se establece como dereito dos cidadáns o acceso a información pública, arquivos e rexistros, de acordo co previsto na lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e o resto do ordeamento xurídico. Este dereito é compatible coa lexislación vixente en materia de Patrimonio Histórico que obriga aos poseedores de bens do Patrimonio Documental a consérvalos, protexerlos e destinarlos a un uso que non impida a súa conservación e manterlos en lugares adecuados.

Instalado dende o ano 1978 nun espazo moi reducido dentro da chamada Casa da Cultura Salvador de Madariaga, na rúa Durán Loriga, o Arquivo Municipal herculino está formado por un conxunto de fondos documentais procedentes de institucións e entidades públicas, persoas, físicas ou xurídicas, e colecciónns consideradas de gran interés para a A Coruña, en particular, e para Galicia, en xeral. Cincuenta e cinco conxuntos documentais onde o de maior relevancia é o do propio Concello, que se remonta ao século XIII. No ano 1989 atopábanse neste centro vinte e un arquivos públicos, privados e colecciónns, mixturados e clasificados baixo criterios cronolóxicos e historicistas. Dende esa data ata hoxe incorporáronse trinta e catro novos arquivos e colecciónns da máis variada procedencia, natureza e actividade. Concretamente, o fondo documental do Concello da Coruña estaba, nese ano, formado por menos de 2.000 unidades de instalación; na actualidade, coas transferencias do Arquivo Administrativo, aproxímase as 11.000. Todos estes anos, o persoal do Arquivo Histórico ven traballando para asegurar a reunión, conservación e consulta deste magnífico patrimonio documental, comprendido entre os séculos XI e XXI, dacordo co establecido na Constitución de 1978 e demáis disposicións nesta materia.

Os documentos custodiados no Arquivo municipal son a garantía da trasparencia da administración, aseguran o recoñecemento dos dereitos e deberes dos cidadáns e garantizan a memoria individual e colectiva, sendo ferramenta básica da identidade da propia cidade.

FUNCIÓNS

As funcións deste centro, como as de calquera arquivo municipal, axústanse á intervención na orixe da produción documental, e na reunión, custodia e servizo dos documentos xerados polo Concello da Coruña no transcurso da súa xestión ao longo do tempo, conservados para servir de testemuño e información á administración que os produce, aos cidadáns como patrimonio cultural e en defensa dos seus dereitos e deberes, e aos investigadores como fonte da historia.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1218500 LMUEI-PDMLA-ELZHT 91D5425B51A1D98A3B6701D89B52F9DE965DD453) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por X. Departamento Modernización Procesos (ANGEL JOSE HERNANDEZ LEDESMA) a las 08:45 del día 13/06/2019. Mediante el código de verificación 2B1Y0E4C1B2Q044E1ABD puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gob.es/

Pero ademais o Arquivo herculino recolle, custodia e serve outros documentos procedentes doutras persoas ou institucións de carácter público o privado, considerados de interés para a nosa cidade e que forman parte do seu patrimonio documental.

ÁREAS RESULTADO CLAVE

1. Identificar, clasificar e describir o maior número de unidades de instalación e documentais que forman parte do Patrimonio Documental do Concello para súa mellor e rápida localización.
2. Mellorar a conservación do Patrimonio documental municipal (instalación, restauración e dixitalización).
3. Calidade do servizo de documentos e das actividades de difusión do Patrimonio documental da cidade.

OBXECTIVOS DO EXERCICIO

Neste sentido e co obxectivo de acadar o impulso dos sistemas de xestión de documentos no Concello, de garantir o acceso á documentación e de promover a protección e a difusión do patrimonio documental propuxemos para o 2018:

- Organización e descripción de fondos mediante as novas tecnoloxías na busca de responder as novas necesidades e expectativas dos vecinos. (fondos documentais públicos e privados).
- Dixitalización dos maís consultados, garantindo o acceso e a súa conservación.
- Lograr do Concello o compromiso co seu Arquivo na busca duns locais o espazos onde poda instalarse coas condiciones de dignidade, seguridade e conservación que permitan unha maior difusión do seu magnífico patrimonio.
- Fortalecer os procesos de participación e identidade coa colaboración con outras entidades sociais e culturais da cidade en diferentes actividades (exposicións, visitas guiadas, conferencias, …)
- Celebración da Exposición O Palacio da Cidade (1918-2018). Centenario Palacio municipal que se celebraría no Concello no mes de setembro de 2018.
- Política proactiva de captación de patrimonio documental para a nosa cidade.

CUSTOS

		2016	2017	2018
Gastos de Persoal	Imputación Directa	312.681,63	283.308,27	291.352,74
Gastos Correntes	Imputación Directa	163.728,45	238.549,36	237.937,67
	Imputación Indirecta	49.141,90	44.739,83	37.147,08
	TOTAL GASTOS	525.551,98	566.597,46	566.437,49

RESULTADOS DA ACTIVIDADE

Actividade	Clas.	Cuantificador	Resultado
Organización e descrición	P	Nº de unidades de instalación	59

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1218500 LMUEI-PDMLA-ELZHT 91D5425B51A1D98A3B6701D89B52F9DE965DD453) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por X. Departamento Modernización Procesos (ANGEL JOSE HERNANDEZ LEDESMA) a las 08:45 del día 13/06/2019. Mediante el código de verificación 2B1Y0E4C1B2Q044E1ABD puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gob.es/

RESULTADOS DA ACTIVIDADE

Actividade	Clas.	Cuantificador	Resultado
		Nº de unidades documentais	1.510
		Nº indices, identificación, revisiones e outros	4
Ingreso de documentación	P	Nº de metros liniais	6,3
		Nº documentos especiais pola súa conservación (postais, fotografías..)	161
Conservación	P	Instalación de documentos especiais (fotografias, ...)	3.548
		nº de documentos restaurados	8
		Dixitalización	0
Préstamos externos e internos(exposicións...)	P	Nº de piezas solicitadas	14
Consultas na sala	P	Nº de usuarios	1.006
Información escrita interna e externa	P	Nº de solicitudes	259
Reprografía de servizo	P	Nº de solicitudes autorizadas	453
Actividades xerais	P	nº de actividades (visitas, publicaciones, exposicións, ..)	15
Informes técnicos	P	Número	305
Biblioteca auxiliar	P	Nº de titulos ingresados	72
		Nº de exemplares catalogados	0
Documentación de trámite	C	Número	646

INDICADORES

INDICADOR	2016	2017	2018
unidades de instalación novas organizadas e descritas	426	269	59
unidades documentais organizadas e descritas	528	1.279	1.510
metros de ingresos documentais	38,5	35,5	6,3
nº de ingresos documentación especial (postais, fotografías...)	297	228	161
nº de pezas en préstamo	30	4	14
nº de información escrita interna e externa	221	233	259
nº de usuarios na sala	1.011	911	1.006
nº autorización reprodución	358	389	453
nº de informes técnicos	419	298	305

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1218500 LMUEI-PDMLA-ELZHT 91D5425B51A1D98A3B6701D89B52F9DE965DD453) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por X. Departamento Modernización Procesos (ANGEL JOSE HERNANDEZ LEDESMA) a las 08:45 del día 13/06/2019. Mediante el código de verificación 2B1Y0E4C1B2Q044E1ABD puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gob.es/

INDICADORES			
INDICADOR	**2016**	**2017**	**2018**
nº de actividades (exposicións , visitas guiadas, cursos,..	24	12	15
nº de instalación de doc. especiais	4.264	3.518	3.548
nº de documentos restaurados e dixitalizados	41	18.708	8
nº de documentos de trámite	560	527	646

CONCLUSIÓNS

Sinalamos as seguintes:

1. Durante todos estes anos vimos denunciando que o espazo disponible está esgotado o que impide novas incorporacións de documentación. Por outro lado, suliñar que o Arquivo Administrativo carece de persoal técnico, polo que as transferencias documentais tampouco poderían efectuarse. Insistir no mal estado do edificio e as duras condicións de traballo no inverno. Todo ello, pon de manifesto a necesidade de que o Concello solucione o problema do local e da dotación de persoal técnico do seu Arquivo.
2. O aumento das consultas e peticións de autorización de reproducións de documentos, resultado da proxección que ten fora este Arquivo municipal, grazas a o niveis de descripción que ofrece, a súa riqueza e as facilidades de acceso. Entre as autorizacións de reprodución deste ano atópase a concedida a o Real Club Deportivo que teñe permitido a entidade reconstruir a súa historia e poder levar a cabo un proxecto museográfico.
3. As melloras na conservación e instalación dos documentos.
4. Os esforzos do funcionariado por manter a calidade e as actividades do centro a pesar do escaso persoal e espazo, posto de manifestó nas diferentes actividades realizadas.
5. A gran acollida por parte dos cidadans que tivo a exposición “O Palacio da Cidade (1918-2018), posta de manifestó polo elevado número de visitantes.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1218500 LMUEI-PDMLA-ELZHT 91D5425B51A1D98A3B6701D89B52F9DE965DD453) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por X. Departamento Modernización Procesos (ANGEL JOSE HERNANDEZ LEDESMA) a las 08:45 del día 13/06/2019. Mediante el código de verificación 2B1Y0E4C1B2Q044E1ABD puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gob.es/

Banda Municipal de Música

Responsable: Ocón Arza, Juan José
Dirección: Avda Alfonso Molina s/n. Coliseum
Teléfono: Ext. 58901

MISIÓN

Dentro da oferta que a Concellaría de Cultura fai aos cidadáns da Coruña cóntase coa Banda Municipal de Música, agrupación de carácter sinfónico formada por medio centenar de músicos profesionais, que desenvolve a súa actividade, primordialmente na cidade, a través dunha serie de concertos que están organizados en función das diferentes estacións do ano, e que veñen celebrando no Palacio da Ópera, no Teatro Rosalía, aos que este ano se engade o Teatro Colón, así como en diferentes prazas da cidade no que se podería denominar Concertos ao aire libre.

Así mesmo este colectivo leva a súa arte a outras cidades, tanto de Galicia como do resto de España, cando é invitado a tomar parte en eventos culturais organizados por outras entidades.

Outro punto importante é a continua colaboración con outros servizos municipais (Educación e Festas, fundamentalmente) así como con entidades da cidade.

A ter en conta, tamén, a función protocolaria que ten a Banda Municipal cando, con ocasión de recepcións oficiais, inauguracións ou homenaxes, realza os diferentes actos que organiza o Departamento de Protocolo e o Gabinete de Alcaldía.

Tamén como obxectivo está achegar a música ao novo público como nenos e xente nova e colaborar con institucións de inserción social aproveitando a música como elemento integrador.

FUNCIÓNS

- Elexir os concertos có contido adecuado para cada ocasión (inauguracións, monográficos, etc.) así como os dirixidos aos nenos
- Asistir a inauguracións de rúas e aqueles actos oficiais que se programan dende Protocolo, ademáis da participación en eventos que se veñen celebrando na cidade.
- Concertos Primaveira-Verán e Outono-Inverno tanto en recintos cerrados (Palacio da Ópera, Colón, Teatro Rosalía...) como ao aire libre.
- Concertos didácticos destinados ao mundo infantil e colaboración con entidades culturales da cidade e proxectos de inclusión social a través da música.
- Realizar os ensaios pertinentes destinados a unha boa execución das pezas musicales.

EQUIPO HUMANO

A Banda Municipal está formada por:

- 1 Director: Juan José Ocón Arza

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1218500 LMUEI-PDMLA-ELZHT 91D5425B51A1D98A3B6701D89B52F9DE965DD453) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por X. Departamento Modernización Procesos (ANGEL JOSE HERNANDEZ LEDESMA) a las 08:45 del día 13/06/2019. Mediante el código de verificación 2B1Y0E4C1B2Q044E1ABD puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gob.es/

- 1 Subdirector: José Luis Represas Carrera
- 1 Auxiliar Administrativo
- 1 Subalterno. VACANTE
- 44 Músicos. con varias vacantes: Saxo alto, Saxo tenor, 3 clarinetes, 1 percusión

INSTALACIONS

A Banda Municipal ten as suas instalacións nos sótanos do Coliseum, edicifio sito na Avda. Alfonso Molina.

As súas instalacións constan dos seguintes espazos:

- Despacho de dirección
- Despacho de administración
- Arquivo
- Almacén
- Cabinas individuais de estudo
- Sala de ensaios

Conta a Banda Municipal cun patrimonio de instrumentos musicais que é renovado, en parte cada exercicio, o que permite aos profesores músicos contar con instrumentos de primeirísima calidade.

Así mesmo posúe a Banda Municipal un fondo de partituras que supera as mil composicións, repartidas entre música sinfónica, de cinema e musicais, de zarzuela, marchas e pasodobres.

Nos ciclos de concertos cóntase con programas de man nos que, ademais das obras interpretadas, figuran os comentarios ás mesmas así como os datos curriculares dos artistas invitados.

ÁREAS RESULTADO CLAVE

- Manter a calidade na execución de cada unha das pezas que se representan.
- Clasificación exhaustiva na elección dos temas a incorporar nos actos correspondentes.
- Investigación e potenciación de novos valores musicais na área de bandas de música.
- Participación con outras agrupacións da cidade para dar a coñecer novos repertorios e novos usos da música como por exemplo con grupos de jazz, grupos de danza e agrupacións teatrais.
- Arquivo de grabaciós en audio, casi a totalidade de concertos que se realizan no Palacio da Ópera, Teatro Rosalía e Teatro Colón pola radio autonómica galega, e en DVD en concertos extraordinarios.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1218500 LMUEI-PDMLA-ELZHT 91D5425B51A1D98A3B6701D89B52F9DE965DD453) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por X. Departamento Modernización Procesos (ANGEL JOSE HERNANDEZ LEDESMA) a las 08:45 del día 13/06/2019. Mediante el código de verificación 2B1Y0E4C1B2Q044E1ABD puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gob.es/

OBXECTIVOS DO EXERCICIO

Ao longo do ano 2018, a Banda Municipal de Música, desenvolve, dentro da celebración do seu **70 aniversario**, unha serie de actividades dándolle un carácter especial con motivo desta celebración:

- Achegar o repertorio bandístico, así como adaptacións de música sinfónica a un público formado por seguidores incondicionais da Banda, nos concertos correspondentes aos Ciclos de Outono e Inverno-Primaveira (realizados no Auditorio do Palacio da Ópera e no Teatro Rosalía ao que este ano se une o Teatro Colón) e aos de Verán, realizados en diferentes prazas coruñesas.
- Actualizar permanentemente o repertorio, mediante a estrea de novas obras, potenciando, no posible, a estrea de obras escritas por compositores galegos.
- Obter experiencias diferentes na faceta artística e no campo da interpretación, mediante a contratación de directores e solistas invitados. Destaca neste ano a xuntanza das bandas de música de Santiago de Compostela e a de A Coruña en concertos conxuntos celebrados nas dúas cidades como celebración dos aniversarios das dúas formacións, o 70 aniversario da nosa banda e o 170 aniversario da de Santiago
- Continuar a experiencia iniciada en tempadas anteriores que posibilita a actuación, como solistas, nalgún concerto, daqueles mozos integrantes da Banda que desexan mostrar as súas aptitudes e logros conseguidos mediante o estudo, ao gran público.
- Contribuír a achegar a música aos máis pequenos, mediante programas didácticos adecuados que afiance o público familiar nos concertos e eduque aos oíntes de mañá. Levouse a cabo un proxecto de colaboración có Grupo de danza infantil do Colexio Liceo A Paz, ademáis dun concerto conxunto con diferentes bandas infantiles e a realización dun concerto conxunto cós conservatorios de Música da cidade. Dentro da programación das Festas de María Pita contóuse có grupo de malabares PISTA4.
- Contribuír, mediante a colaboración co Departamento de Festas, có gabinete da Alcaldía e o Departamento de Protocolo, a difundir a música popular bandística, nos diferentes concertos que se celebran durante o mes de agosto (Festas de María Pita), así como nos festexos das Festas de Santa Margarita, o Día da Ciencia na Rúa, a Ofrenda a María Pita ou inauguracións de rúas.
- Participar en actos, que debido á súa relevancia, constitúen auténticos acontecementos na vida social da cidade, como a participación no Trofeo Teresa Herrera, a Semana das Músicas do Audiovisual ou a inauguración da Mobile Week.
- Continuar favorecendo a formación permanente dos funcionarios da Banda mediante a realización de cursos.
- Realizar xiras de concertos tanto dentro da provincia da Coruña como no resto de Galicia co fin de que a cultura e a banda municipal sexan un referente e actractivo mais da cidade: participouse no Festival de Jazz de Lugo xunto co grupo Nani García Trío, levaronse a cabo concertos en A Coruña e Melide có grupo de folk Europejska Orqkiestra, ademáis dun concerto conxunto das Bandas de Santiago de Compostela e A Coruña.

Neste ano lévase a cabo diferentes proxectos de inclusión social coa **Fundación Emalcsa** a través das súas axudas de Cultura Inclusiva. Desta unión xurde:

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1218500 LMUEI-PDMLA-ELZHT 91D5425B51A1D98A3B6701D89B52F9DE965DD453) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por X. Departamento Modernización Procesos (ANGEL JOSE HERNANDEZ LEDESMA) a las 08:45 del día 13/06/2019. Mediante el código de verificación 2B1Y0E4C1B2Q044E1ABD puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gob.es/

A OLLADA NAS MANS

Espectáculo de inclusión social a través das Artes coa Asociación Cultural para a Integración Social DIVERSOS.

PROXECTO DE MÚSICA INCLUSIVA E PARTICIPATIVA

Coa Asociación Cultural 3x4 creando un espectáculo ecléctico no que se aprecia a excelencia, a beleza e a diversidade na música.

Outro dos proxectos deste ano foi a celebración do "I Concurso de Composicións de Bandas de Música de A Coruña", o que se dota de tres premios e no que as obras gañadoras serán despois estreadas pola agrupación nun concerto.

CUSTOS

		2016	2017	2018
Gastos de Persoal	Imputación Directa	1.834.833,70	1.838.642,66	2.034.745,96
Gastos Correntes	Imputación Directa	220.080,74	358.292,53	565.208,03
	Imputación Indirecta	15.444,60	15.978,51	17.644,86
	TOTAL GASTOS	2.070.359,04	2.212.913,70	2.617.598,85

RESULTADOS DA ACTIVIDADE

Actividade	Clas.	Cuantificador	Resultado
ACTUACIONS FESTAS MARÍA PITA	P	Nº DE ACTUACIONS	3
		Pza. das Bárbaras (Ciclo As Festas de María Pita)	1
		Romería Santa Margarita (26 agosto)	1
		Concerto Extraordinario Plaza de María Pita	0
CICLO CONCERTOS INVERNO-PRIMAVEIRA	P	NÚMERO DE CONCERTOS	14
		SOLISTAS (diferentes instrumentos)	6
		DIRECTORES CONVIDADOS	1
CICLO CONCERTOS OUTONO-INVERNO	P	NÚMERO DE CONCERTOS	12
		DIRECTORES CONVIDADOS	3
		SOLISTAS	0
CICLO CONCERTOS AIRE LIBRE	P	NÚMERO DE CONCERTOS	8
		Día da Ciencia na Rúa	1
		Plaza das Barbaras (Celebración 9º Aniversario da Torre de	1

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1218500 LMUEI-PDMLA-ELZHT 91D5425B51A1D98A3B6701D89B52F9DE965DD453) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por X. Departamento Modernización Procesos (ANGEL JOSE HERNANDEZ LEDESMA) a las 08:45 del día 13/06/2019. Mediante el código de verificación 2B1Y0E4C1B2Q044E1ABD puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gob.es/

RESULTADOS DA ACTIVIDADE

Actividade	Clas.	Cuantificador	Resultado
		Hércules)	
		Romería Santa Margarita	1
		Actos Institucionais (Ofrenda a María Pita 12 de maio có Coro Sagrada Familia)	1
		Plaza das Bárbaras (Setembro nas Bárbaras)	4
CONCERTOS EXTRAORDINARIOS	P	NUMERO DE ACTUACIONS	5
		COLABORACIÓN COS CONSERVATORIOS DE MÚSICA	2
		INAUGURACIÓN DA RÚA MAURO SILVA	1
		PARTICIPACION NO TROFEO TERESA HERRERA	1
		INAUGURACIÓN DA MOBILE WEEK	1
ACTUACIONS FORA DA CIDADE	P	ACTUACIÓNS FORA DA CIDADE	3
		CONCERTO CONXUNTO COA BANDA MUNICIPAL DE SANTIAGO EN SANTIAGO DE COMPOSTELA	1
		CONCERTO NO FESTIVAL DE JAZZ DE LUGO	1
		CONCERTO NO CONCELLO DE MELIDE	1

INDICADORES

INDICADOR	2016	2017	2018
NÚMERO DE CONCIERTOS	30	35	41
NÚMERO DE CONCIERTOS FORA DE LA CIDADE (Santiago de Compostela, Lugo, Melide)	5	0	3
NÚMERO ARTISTAS INVITADOS (Directores)	6	9	4
ACTUACIONS CON AGRUPACIONS INFANTILES E PARA A INTEGRACIÓN DA DISCAPACIDADE	16	2	4
NÚMERO ARTISTAS INVITADOS (Agrupaciones)	3	0	9
MEDIA ASISTENTES A CONCIERTOS (Palacio da Ópera)	1.250	1.300	1.300
MEDIA ASISTENTES (Teatro Colón)	500	500	500
MEDIA ASISTENTES(Rosalía Castro)	450	500	600
MEDIA ASISTENTES A CONCIERTOS (Aire libre)	1.200	1.200	1.300
MEDIA ASISTENTES A CONCIERTOS (Extras Mª Pita)	3.000	3.200	3.500

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1218500 LMUEI-PDMLA-ELZHT 91D5425B51A1D98A3B6701D89B52F9DE965DD453) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por X. Departamento Modernización Procesos (ANGEL JOSE HERNANDEZ LEDESMA) a las 08:45 del día 13/06/2019. Mediante el código de verificación 2B1Y0E4C1B2Q044E1ABD puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gob.es/

CONCLUSIÓNS

Dentro da oferta que a Concellería de Cultura, Deporte e Coñecemento fai aos cidadáns da Coruña cóntase coa Banda Municipal de Música, agrupación de carácter sinfónico formada por preto de medio centenar de músicos profesionais, que desenvolve a súa actividade, primordialmente na cidade, a través dunha serie de Ciclos de Concertos que están organizados en función das diferentes estacións do ano, e que veñen celebrando no Palacio da Ópera, no Teatro Rosalía, así como en diferentes prazas da cidade no que se podería denominar Concertos ao aire libre.

Outro punto importante é a continua colaboración con outros servizos municipais (Educación e Festas, fundamentalmente) así como con entidades veciñais da cidade.

Ademais, a Banda Municipal desenvolve unha función protocolaria cando, con ocasión de recepcións oficiais, inauguracións ou homenaxes, o Departamento de Protocolo e o Gabinete de Alcaldía realizan diferentes actos.

Neste ano 2018, baixo a batuta de Juan José Ocón contínuase có traballo habitual de concertos, pero involucrando máis ca nunca a outras entidades e outros colectivos da cidade para dar a coñecer o traballo da formación e atraer a novo público. Con esto fidelízase ao público de sempre e dáse a coñecer a nosa música ao novo público.

O nivel artístico está á altura de calquera banda tanto a nivel estatal como europeo, incluso cós problemas de vacantes que ten a día de hoxe a plantilla desta agrupación profesional.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1218500 LMUEI-PDMLA-ELZHT 91D5425B51A1D98A3B6701D89B52F9DE965DD453) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por X. Departamento Modernización Procesos (ANGEL JOSE HERNANDEZ LEDESMA) a las 08:45 del día 13/06/2019. Mediante el código de verificación 2B1Y0E4C1B2Q044E1ABD puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gob.es/

Bibliotecas Municipais

Responsable: Blanco Pardo, Isabel
Dirección: C/Duran Loriga 10, 4º
Teléfono: 981 184 384

MISIÓN

As Bibliotecas Municipais son lugares de encontro e de promoción da lectura que lles proporcionan recursos para a formación, a información e o ocio a todos os cidadáns e cidadás da Coruña. Son centros comprometidos coa conservación da memoria da cidade. Céntranse fundamentalmente na atención ao público infantil, os servizos nos barrios e o uso e difusión das tecnoloxías.

FUNCIÓNS

Asegurarlles o acceso á información de xeito libre e igualitario a todos os segmentos da cidadanía; desenvolver programas formativos que lles permitan aos cidadáns coñeceren e utilizaren eficazmente os servizos e recursos que as bibliotecas lles ofrecen, dedicándolles especial atención ás TIC; proporcionar un espazo para o lecer, o encontro e a participación cidadá. Consolidarse como unha entidade activa, impulsora e dinamizadora de hábitos lectores na cidade.

ÁREAS RESULTADO CLAVE

1. Servizo de préstamo
2. Servizo de información e referencia presencial
3. Servizo de información e referencia virtual
4. Servizos TIC
5. Formación e aprendizaxe
6. Promoción cultural

OBXECTIVOS DO EXERCICIO

	OBXECTIVO	GRAO DE CUMPLIMENTO
1	Deseñar un plan estratéxico para a rede de Bibliotecas. Fase I (redefinición de misión, visión, valores e liñas estratéxicas)	Ao finalizar o 2018 tiñamos un primeiro borrador que será aprobado nos primeiros meses de 2019.
2	Elaborar un mapa de competencias para rede de bibliotecas en consonancia co establecido no documento *Bibliotecas Municipais da Coruña: Plan do servizo bibliotecario 2017-2027.* Fase I (9 postos de traballo)	Queda finalizada a fase I, o mapa de competencias para oito dos 20 postos que se recollen no documento.
3	Implantar un novo modelo de xestión que substitúa ao sistema de calidade anterior.	Revísase o mapa de procesos coa intención de facelo máis práctico e operativo Na nova versión, pasamos de

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1218500 LMUEI-PDMLA-ELZHT 91D5425B51A1D98A3B6701D89B52F9DE965DD453) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por X. Departamento Modernización Procesos (ANGEL JOSE HERNANDEZ LEDESMA) a las 08:45 del día 13/06/2019. Mediante el código de verificación 2B1Y0E4C1B2Q044E1ABD puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gob.es/

	OBXECTIVO	GRAO DE CUMPLIMENTO
		32 a 22 na procesos. Sen aprobar. Seguimos s traballar coa documentación de 8 procesos que a finais de 2018 están sen implantar.
4	Internalizar os servizos de bibliotecas actualmente xestionados por un operador privado.	Durante todo o ano a Dirección da rede prestou soporte técnico na elaboración da proposta e da documentación. O proceso segue a desenvolverse.
5	Adaptar a xestión administrativa do Servizo de Bibliotecas á nova Lei de Contratos do Sector Público	Exercicio finalizado con todas as adpatacións realizadas.
6	Implementar un novo xestor de expedientes municipal na tramitación.	A tramitación dos nosos expedientes administrativos realízase no novo xestor na súa totalidade.
7	Mellorar a usabilidade e experiencia de usuario/a en SGF. Fase I	Reformúlase o manual interno de uso. Páctase con Informática a elaboración dun clic específico, para o que temos que adaptar o dito manual (farase no 2019) Planifícase a actualización das melloras (que xa están realizadas) para o 19 de febreiro de 2019. Aprázase por parte de Participación. Pendentes de nova data.
8	Simplificar o proceso de publicación de eventos na web a través da integración do Content Server (software de xestión de contidos web) co SGF (Sistema de xestión de actividades e inscricións).	Fase II de melloras de SGF, que se acometerá unha vez implementada a fase I.
9	Elaborar un protocolo de atención ás persoas usuarias a través do correo electrónico corporativo	Implantado dende o mes de maio.
10	Desenvolver un sistema automático de obtención de datos e indicadores en Microstrategy. Fase I: información procedente de ABSYSnet.	Implantado nun 80% o previsto para a fase I
11	Crear un centro de interese sobre xénero e feminismos	Queda inaugurado no mes de marzo.
12	Incorporar unha sección na páxina web con información específica da colección da Biblioteca Estudos Locais, denominada “Memoria local”	Publícanse 2 das coleccións e estipúlase un período trimestral de publicación para as restantes (Estudos Locais elabora e o SMB adapta os contidos á navegación web)
13	Reacondicionar a entrada e vestíbulo do edificio de Durán Loriga.	Finalizado o proxecto e pendente da obra.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1218500 LMUEI-PDMLA-ELZHT 91D5425B51A1D98A3B6701D89B52F9DE965DD453) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por X. Departamento Modernización Procesos (ANGEL JOSE HERNANDEZ LEDESMA) a las 08:45 del día 13/06/2019. Mediante el código de verificación 2B1Y0E4C1B2Q044E1ABD puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gob.es/

CUSTOS

		2016	2017	2018
Gastos de Persoal	Imputación Directa	1.237.336,09	1.300.034,80	1.302.650,95
Gastos Correntes	Imputación Directa	3.021.283,02	3.465.474,60	3.370.875,85
	Imputación Indirecta	217.628,40	210.916,33	204.308,92
	TOTAL GASTOS	4.476.247,51	4.976.425,73	4.877.835,72

RESULTADOS DA ACTIVIDADE

Actividade	Clas.	Cuantificador	Resultado
Formación do persoal	P	Nº de cursos organizados	2
		Nº de cursos externos aos que asiste o persoal	0
Xestionar a colección	P	% Libros	78,25
		% Non Libros	21,75
		Nº documentos por habitante	0,92
		% Incremento da colección	0,38
		% Cota de renovación colección	4,66
Prestar servizos a usuarios	P	Nº visitas anuais	860.555
		Media mensual de visitas	71.713
		Media diaria visitas	2.986
		Visitas/hora	321,1
		Visitas/habitante	3,48
		Nº préstamos anual	329.554
		Media mensual préstamos	27.463
		Media diaria préstamos	1.140
		Nº usos de préstamo	115.402
		% Usos de préstamo con respecto visitantes	13,41
		% Préstamo libros	71,13
		%Préstamo non libros	28,87
		% Cota ausencia libros	10,18
		% Cota ausencia Non libros	17,59
		Rotación libros	1,38
		Rotación Non libros	1,94
		Rotación Centros de Interese	1,24

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1218500 LMUEI-PDMLA-ELZHT 91D5425B51A1D98A3B6701D89B52F9DE965DD453) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por X. Departamento Modernización Procesos (ANGEL JOSE HERNANDEZ LEDESMA) a las 08:45 del día 13/06/2019. Mediante el código de verificación 2B1Y0E4C1B2Q044E1ABD puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gob.es/

RESULTADOS DA ACTIVIDADE

Actividade	Clas.	Cuantificador	Resultado
		Préstamos/hora	129,04
		Préstamos/habitante	1,33
		Nº usuarios Internet e ofimática anual	59.138
		%usos internet e ofimática con respecto ás visitas	6,87
		Usos Internet e ofimática/hora	20,78
		% Usos outros equipamentos con respecto ás visitas	0,57
		Nº total socios	97.601
		Nº novos socios anual	5.423
		% Poboación socia bibliotecas	39,5
		% Socios activos/habitantes	9,64
		% Novos socios/habitantes	2,19
		Días apertura ao público	294
		m2/1000 habitantes	28,98
Automatizar coleccións e servizos	P	Nº de postos con acceso Internet e ofimática para usuarios	178
		Nº de ordenadores para uso do persoal	90
		Nº ordenadores para uso público	204
		Nº Opacs (catálogos en liña de acceso público)	23
Promocionar os servizos e o uso da colección	P	Nº total de actividades	2.681
		Nº total participantes	40.719
		%Visitas para participar en actividades	4,73
		% Participantes actividades/habitantes	16,47
		% Actividades promoción da lectura	30,55
		% Actividades formación e aprendizaxe	60,13
		% Actividades desenvolvemento comunitario	0
		% Actividades de visibilidade social e difusión	1,23
		% Outras actividades	8,09

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1218500 LMUEI-PDMLA-ELZHT 91D5425B51A1D98A3B6701D89B52F9DE965DD453) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por X. Departamento Modernización Procesos (ANGEL JOSE HERNANDEZ LEDESMA) a las 08:45 del día 13/06/2019. Mediante el código de verificación 2B1Y0E4C1B2Q044E1ABD puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gob.es/

RESULTADOS DA ACTIVIDADE

Actividade	Clas.	Cuantificador	Resultado
		% Participantes adultos	0
		% Participantes nenos	0
		%Participantes mozos	0
		Nº de actividades de visibilidade social e difusión	5
		Nº días de participación en actividades de visibilidade social e difusión	5
		Nº tipoloxías cursos alfabetización digital	7
		Nº cursos alfabetización dixital	54
		Nº prazas dispoñibles en cursos de alfabetización dixital	597
		Nº prazas cubertas en cursos de alfabetización dixital	513
		% Participantes actividades formación e aprendizaxe	46,27
		% Participantes actividades promoción da lectura	45,06
		% Participantes actividades desenvolvemento comunitario	0
		% Participantes outras actividades	6,8
		% Participantes mozos	0
Programa de voluntariado	P	Nº voluntarios participantes	16
Participar en proxectos cooperativos nacionais	P	Nº de proxectos nos que se participa	0
Ofrecer servizos virtuais	P	Nº visitas á Web propia	429.050
		Nº posts publicados en Facebook	1.230
		Nº de posts publicados en blogs propios	195
		Nº de fans en Facebook	19.115
		Nº novos fans en Facebook cada día	0,65
		% Fans de Facebok que son socios das bibliotecas	0
		% Fans que son entidades culturais	0
		Nº de visitas a Facebook	1.335.747

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1218500 LMUEI-PDMLA-ELZHT 91D5425B51A1D98A3B6701D89B52F9DE965DD453) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por X. Departamento Modernización Procesos (ANGEL JOSE HERNANDEZ LEDESMA) a las 08:45 del día 13/06/2019. Mediante el código de verificación 2B1Y0E4C1B2Q044E1ABD puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gob.es/

RESULTADOS DA ACTIVIDADE

Actividade	Clas.	Cuantificador	Resultado
		Nº de comentarios recibidos en Facebook	0
		Nº de interaccións en Facebook que non son comentarios	43.260
		Nº demandas información a través do chat de Facebook	33
		Nº de fans en Twitter	7.159
		Nº de listas nas que tenemos presenza (Twitter)	340
		Nº visitas a blogs	164.967
		Nº comentarios realizados nos blogs	485
		Nº de demandas información a través de Pregunte	48
		Nº demandas de información a Pregunte resoltas	48
		Nº demandas información Pregunte por A Coruña	10
		Nº informacións a usuarios a través de sms	0
		Nº sms a usuarios	0

INDICADORES

INDICADOR	2016	2017	2018
m2/1000 habitantes	28,94	28,98	28,98
Traballadores/1000 habitantes	0,38	0,38	0,38
Documentos/habitante	0,93	0,95	0,92
% Incremento do fondo	3,58	2,56	0,38
% Cota de renovación	5,26	6,5	4,66
Ordenadores acceso Internet/ 10000 habitantes	6,73	6,76	7,2
Nº actividades/1000 habitantes	9	7,15	10,84
Nº prazas en cursos alfabetización dixital/1000 habitantes	0,35	0	2,41
Gastos correntes/habitante	18,26	20,17	19,73
Visitas/habitante	3,85	3,63	3,48
% Poboación socia	35,57	37,7	39,48
Novos socios/1000 habitantes	22,38	22,5	21,93
Préstamos/habitante	1,46	1,42	1,33

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1218500 LMUEI-PDMLA-ELZHT 91D5425B51A1D98A3B6701D89B52F9DE965DD453) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por X. Departamento Modernización Procesos (ANGEL JOSE HERNANDEZ LEDESMA) a las 08:45 del día 13/06/2019. Mediante el código de verificación 2B1Y0E4C1B2Q044E1ABD puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gob.es/

INDICADORES			
INDICADOR	**2016**	**2017**	**2018**
% Socios activos	32,52	30,41	24,41
% Socios activos/habitante	11,57	11,47	9,64
Sesións Internet/habitante	0,31	0,29	0,24
Sesións outros equipamentos/ habitante	0,02	0,01	0,02
Participantes en actividades/ habitante	0,14	0,13	0,16
% Participantes en cursos alfabetización dixital/ 1.000 habitante	0,35	0	2,07

CONCLUSIÓNS

A OFERTA

Espazos

A finais de 2017, as Bibliotecas Municipais ofrecen 29 m^2 de superficie por cada 1.000 habitantes, o 50 % da superficie bibliotecaria pública da cidade. O resto, ata os 61 m^2 dispoñibles, repártense entre a Biblioteca da Deputación e a Biblioteca da Xunta/Estado. Cómpre sinalar o carácter descentralizado dos espazos bibliotecarios municipais, que se configuran como unha rede de bibliotecas distribuída xeograficamente en diferentes puntos da cidade.

Como cidade, e en canto á oferta de espazos bibliotecarios, situámonos por enriba dos 56 m^2 /1000 habs. que recomenda a IFLA. En canto ás Bibliotecas Municipais situadas nos barrios, agás no caso da Biblioteca Ágora (1.848 m^2), non alcanzamos os 1.560 m^2 dos estándares da FEMP, aínda que no ano 2009 comenzouse un programa de incremento e adecuación dos espazos das bibliotecas para adaptarse ás necesidades sociais actuais, reformándose e ampliándose os espazos e equipamentos das bibliotecas Castrillón e Fórum no 2009 e 2010 respectivamente. Dende entón, debido ao parón da crise, non se modernizaron máis bibliotecas ata este ano 2018 no que se reforma a aula informática da Biblioteca Sagrada Familia e se inician as xestións para ampliar esta biblioteca en 105 m^2.

A pesar da insuficiencia de metros cadrados nas bibliotecas máis vellas (Biblioteca Infantil, Biblioteca de Estudios Locais, Biblioteca de Monte Alto e Biblioteca Sagrada Familia), segundo os estándares profesionais e as directrices de accesibilidade dos espazos públicos, a satisfacción dos usuarios é alta, e podemos afirmar que, en termos xerais, contamos con instalacións modernas e funcionais que están moi ben valoradas polos/as usuarios/as e que nos permiten ofertar os servizos básicos con calidade. Conviría seguir a tomar decisións en torno ás bibliotecas máis vellas, tanto pola insuficiencia da superficie como polas condicións das infraestruturas. O mesmo acontece coas instalacións das oficinas de coordinación da rede, que non dispoñen nin dos metros necesarios para compartir espazo (o cadro de persoal divídese en 3 estancias diferentes en distintas plantas do edificio) nin da actualización necesaria das súas infraestruturas.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1218500 LMUEI-PDMLA-ELZHT 91D5425B51A1D98A3B6701D89B52F9DE965DD453) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por X. Departamento Modernización Procesos (ANGEL JOSE HERNANDEZ LEDESMA) a las 08:45 del día 13/06/2019. Mediante el código de verificación 2B1Y0E4C1B2Q044E1ABD puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gob.es/

O adecuado mantemento de edificios, instalacións e equipamientos é moi importante, non só para poder prestar adecuadamente os servizos á cidadanía senón para incrementar a duración e vida útil dos mesmos. Tamén é un apoio importante para fomentar entre a cidadanía os hábitos de bo uso, coidado e respecto polos bens comúns.

O mantemento comprende tanto actuacións de carácter urxente e imprevisto (substitución de luminarias, resolución de atascos de tubaxes, reparación de peches, etc.) como outras que poden preverse e planificarse relativas a deficiencias estructurais e de funcionalidade.

Destacar neste ano 2018 as seguintes intervencións:

- Limpeza das canaletas e desagües das bibliotecas Castrillón e Rosales, estas dúas bibliotecas teñen continuos problemas de humidades provocados no seu maior parte por filtracións destas instalacións. Este tipo de intervención non pode ser puntual polo que é conveniente que dende o Concello se acometa un plan de limpeza e se licite un servizo de mantemento que englobe todos os edificios municipais.
- Intervención na aula informática da Biblioteca Sagrada Familia que se amplía coa incorporación dun pequeno espazo de uso individual que xa non estaba en uso.
- Reparación do mobiliario da biblioteca Castrillón.
- Con respecto ao reacondicionamento da entrada e vestíbulo do edificio de Durán Loriga, salientar que queda rematado o proxecto que foi enviado á Oficina de Edificación do Concello para que poña en marcha a súa execución.

A Biblioteca Sagrada Familia continúa a participar no programa de Sistema de xestión da enerxía nos edificios municipais promovido pola Concellería de Medio Ambiente, elaborando informes de consumo enerxético e activando medidas para o aforro do mesmo con un alto grao de satisfacción por ambas partes.

Horarios de atención ao público

Con 380 horas mais que no 2017, no 2018 prodúcese un increcemento de 1,79 % no número de horas de atención ao público no conxunto das bibliotecas, mais cabe salientar que se facemos unha análise detallada, a Biblioteca de Castrillón diminuíu nun 6,8 % o seu horario xa que non dispuxo do cadro de persoal suficiente para manter os horarios que viñan sendo habituais[2]. No conxunto, compénsase esta perda coas horas de atención do Punto de Servizo de Mesoiro inaugurado a finais de 2017 e que xa estivo aberto durante todo o 2018.

Fondos e recursos de información

En canto á oferta de recursos informativos (libros, vídeos, revistas, CD, recursos electrónicos...), finalizamos o ano 2018 cun 4,66 % de fondos novos. Do conxunto das altas de 2018, recibíronse 999 suxestións de compra dos usuarios, das que 426 tramitáronse a través da Web, 47 a través do Opacweb. O 4,62 % das altas corresponden a adquisicións realizadas por solicitude das persoas usuarias. Da totalidade destas solicitudes, o 11,81 % ou ben eran fondos xa dispoñibles nas bibliotecas ou non se puideron atender por estaren estes títulos esgotados no mercado. Do resto susceptible de

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1218500 LMUEI-PDMLA-ELZHT 91D5425B51A1D98A3B6701D89B52F9DE965DD453) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por X. Departamento Modernización Procesos (ANGEL JOSE HERNANDEZ LEDESMA) a las 08:45 del día 13/06/2019. Mediante el código de verificación 2B1Y0E4C1B2Q044E1ABD puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gob.es/

compra, o 55,62 % das peticións incorpóranse aos fondos e o 38,48 % restante foi rexeitado por corresponder a suxestións de materiais non pertinentes á colección das bibliotecas, maioritariamente a obras propias de bibliotecas especializadas que exceden o carácter divulgativo da biblioteca pública. O 5,90 % está pendente de ser adquirido para a súa incorporación.

No que respecta a colección destacar:

- Á posta a disposición do público dunha colección específica (centro de interese) *Xénero e Feminismos* na biblioteca Ágora e o reforzo dos fondos desta temática no resto das bibliotecas.

- Os recursos utilizados para á difusión:

  - As exposicións ou mostras bibliográficas: 50 neste exercicio
  - A elaboración e difusión de guías de lectura: neste ano 22 temáticas e 57 das obras de lectura dos clubs
  - Os 8 escaparates virtuais nos que se difunden as mostras, as guías e as novidades.
  - Os espazos expositivos Recomendamos das bibliotecas. Adicados a recomendar lecturas ás persoas usuarias
  - A publicación Lista de reprodución, na biblioteca Fórum, que recolle seleccións temáticas de documentos sonoros.
  - As novas seccións e publicacións da páxina Web. Este ano salientar a publicación dunha nova sección Memoria Local e, dentro desta, a información relativa á colección musical de Ramiro Cartelle e a de tarxetas publicitarias.
  - Os Boletíns informativos da biblioteca Castrillón e da biblioteca Sagrada Familia.

- O acceso ao libro electrónico e á colección dixitalizada:

  - Consulta e descarga de documentos dixitalizados, principalmente fondos bibliográficos patrimoniais, de temática variada sobre A Coruña: guías da Coruña, carteis, programas de man de concertos, obras de teatro, bandos municipais, estampas relixiosas, etc. Esta colección de 5.700 documentos, incrementouse nun 42,5 % con respecto ao ano pasado. As novas incorporacións estarán disponibles para a cidadanía ao longo de 2019. Neste ámbito, salientar a colaboración coa Colegiata Santa María do Campo. A Biblioteca de Estudos Locais fíxose cargo da dixitalización da súa colección de 318 partituras e a cambio a Entidade permitirá oacceso a ela a través do catálogo das bibliotecas municipais.
  - Ser socio/a das bibliotecas municipais permite acceder á plataforma de préstamo de libro electrónico da Xunta Galicia Lee.

As posibilidades de acceso á información complétanse con:

  - 7,2 ordenadores de acceso público á internet por cada 10.000 hab. (por enriba dos 4,54 da media española e dos 6,8 de 2017) e co servizo wifi que permiten o acceso gratuíto á internet, lectura de CD-ROM, acceso bases de datos, acceso ao

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1218500 LMUEI-PDMLA-ELZHT 91D5425B51A1D98A3B6701D89B52F9DE965DD453) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por X. Departamento Modernización Procesos (ANGEL JOSE HERNANDEZ LEDESMA) a las 08:45 del día 13/06/2019. Mediante el código de verificación 2B1Y0E4C1B2Q044E1ABD puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gob.es/

catálogo etc. Como novidade neste 2018 a creación, na biblioteca Infantil e Xuvenil, dunha aula de formación móvil[3]

- Os recursos e servizos ofertados a través de diferentes aplicacións da Web 2.0. Finalizamos 2018 con presenza en 3 redes sociais, 8 blogs e 8 escaparates virtuais e co 46,4% do cadro de persoal experimentando e utilizando estas plataformas.

No que respecta ás publicacións na web social (1.425), prodúcese un decremento dun 16,81 % nas informacións difundidas nas plataformas virtuais

Dentro do *Programa de Inclusión dixital* as bibliotecas desenvolven unha serie de accións destinadas a apoiar e capacitar ás persoas no uso dos ordenadores e na busca de información. Tomando como referencia as competencias establecidas no Marco Europeo de Competencias dixitais para a cidadanía (Digcom 2.1), establécense distintos niveis formativos e diversos contidos e formatos (cursos, obradoiros, atención individualizada) coa intención de facilitar o acceso á formación e adaptarse ás necesidades poboación e ás tendencias tecnolóxicas. No 2018 se ofertaron 597 prazas en 54 cursos de 7 temáticas diferentes e 755 horas do servizo de atención personalizada.

Na liña de achegar os recursos á cidadanía, seguen en fucionamento os 7 puntos de lectura ubicados en centros cívicos e en centros de saúde.

Voluntariado

Contamos cun programa de voluntariado no que participan persoas que, de forma totalmente desinteresada, ofrecen parte do seu tempo para colaborar connosco en diferentes inicativas de carácter formativo ou social.

No 2018 os servizos desenvolvidos por persoas voluntarias foron:

- Préstamo no fogar coa intención de facilitar que persoas con problemas de mobilidade poidan solicitar e recibir nas súas casas libros, discos e películas das bibliotecas.
- Coa lingua de fóra. Ofrece a posibilidade de practicar conversación en diferentes idiomas de forma gratuíta, informal e dinamizada por unha persoa nativa.
- Lectura fácil. É un programa pensado para persoas que tiveron unha escolaridade deficiente ou tiveron que deixala a unha idade temperá e agora desexan mellorar as súas competencias en materia de lectura, escritura, coñecementos básicos, compresión de textos, cultura xeral, etc
- A hora da lectura. Son encontros semanais arredor da lectura e á música dirixidos ás persoas maiores que están en distintos centros: Centro de Día Boandanza, Fogar de Sor Eusebia e Fogar de Santa Lucía.
- Lendo espero. Punto de lectura no ambulatorio do Ventorrillo, especialmente con libros infantís.
- O programa de Inmersión Lingüística. É un programa de voluntariado deseñado á medida dun grupo de alumnos e alumnas de procedencia estranxeira do IES Agra I e a petición dalgunhas profesoras do mesmo ante a necesidade de afianzar as competencias lingüísticas en castelán e galego deste alumnado, favorecer a

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1218500 LMUEI-PDMLA-ELZHT 91D5425B51A1D98A3B6701D89B52F9DE965DD453) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por X. Departamento Modernización Procesos (ANGEL JOSE HERNANDEZ LEDESMA) a las 08:45 del día 13/06/2019. Mediante el código de verificación 2B1Y0E4C1B2Q044E1ABD puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gob.es/

súa integración, mellorar a súa comprensión nas clases e xa que logo o rendemento académico.

Neste ano 2018 tivemos a colaboración de 16 persoas voluntarias.

Recursos humanos

Aínda que no dato do número de persoas traballadoras en bibliotecas por habitante (1 T.bib./2.650,57 hab.) é superior a media española (1 T.bib./4.362 hab.) é á media galega (1 T.bib./4.630 hab.) , é necesario ter en conta as necesidades de persoal para cubrir os amplos horarios das Bibliotecas Municipais, 5 delas abren 60 ou máis horas á semana, mentres que o 78,65 % das bibliotecas españolas abren 40 ou menos e destas un 36,78% abren 20 ou menos horas (sendo estas o 38,6 % do total das bibliotecas españolas). Mentres que na maioría das bibliotecas españolas é suficiente cunha quenda de persoal, no caso das Bibliotecas Municipais da Coruña son necesarias dúas quendas para cubrir as doce horas diarias de apertura en inverno e 9 h en verán.

Por outra parte, a Sociedade da Información e o crecemento das comunidades multiculturais están a xerar na cidadanía necesidades de información e formación novas e cada vez máis complexas. Desde as Bibliotecas Municipais, estas novas demandas viñéronse afrontando coa creación de novos e diversos servizos que requiren unha maior participación de persoal, fundamentalmente técnico. Amplos horarios, uso intensivo da cidadanía, diversidade e especialización na oferta de servizos, conforman un escenario no que os cadros de persoal actual non son adecuados nin cuantitativa nin cualitativamente.

Todas estas circunstancias farían necesario, ou ben ampliar o cadro de persoal ou reducir o horario de atención ao público e ademáis de mellorar a especialización cunha presenza maior de persoal técnico fronte ao auxiliar. Só dúas das oito bibliotecas alcanzan o 50% de persoal técnico desexable e dúas delas non contaron no 2018 con persoal técnico (xubilación e incapacidade temporal non substituída).

Nas Bibliotecas Municipais cremos na importancia do traballo colaborativo como medio para alcanzar resultados de maior calidade. Por iso, optamos pola creación de grupos de traballo de diversas temáticas que axuden a incidir en áreas de interese para todas as persoas usuarias e para as propias bibliotecas. Participan nos grupos tanto o persoal técnico como o auxiliar. Ao finalizar 2018 contabamos cos seguintes grupos de traballo:

- Grupo 2.0.
- Grupo de colección e proceso técnico.
- Grupo de desenvolvemento de funcionalidades en Microstrategy.
- Grupo Fancómic.
- Inclusión dixital
- Grupo Biblioteca Verde.
- Grupos relacionados co seguimento e planificación de actividades

No relativo á formación do persoal, ten lugar o I Taller de planificación aplicada que ten como obxectivo proporcionar as competencioas necesarias para formalizar, implementar e avaliar a planificación estratéxica da rede de bibliotecas.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1218500 LMUEI-PDMLA-ELZHT 91D5425B51A1D98A3B6701D89B52F9DE965DD453) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por X. Departamento Modernización Procesos (ANGEL JOSE HERNANDEZ LEDESMA) a las 08:45 del día 13/06/2019. Mediante el código de verificación 2B1Y0E4C1B2Q044E1ABD puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gob.es/

As bibliotecas continúan co seu compromiso de compartir o seu coñecemento que se concreta no 2018 en:

- Atención 6 alumnas/os en prácticas
- Presentación de comunicacións, participación en mesas redondas,… en xornadas, congresos, etc.: 6 intervencións
- Publicación de 2 artigos en revistas especializadas
- Realización dun curso externo.

Actividades

Globalmente, e con 10,42 act./1000 habs., a oferta crece un 52,24 % con respecto a 2017. Destas o 60,13 % (51% en 2017) foron actividades relacionadas coa formación e a aprendizaxe e o 30,55 % de promoción da lectura. O incremento na oferta está relacionado con que no ano 2017, debido ás demoras na contratación, no se levou a cabo ninguna acción formativa do programa de *Inclusión dixita*l, pero o programa retomouse neste exercicio.

Como novidades en 2018, temos as seguintes actividades e programas:

- En Clave de "A". Programa de conciertos mensuales en colaboración co Conservatorio de Música na biblioteca Ágora.
- Novo club de lectura: "Venres alternativos" na biblioteca Ágora.
- Novo grupo do “O pensatorio: café filosófico” na biblioteca Rosales.

RESULTADO DO RENDEMENTO DOS SERVIZOS

Dentro dos servizos dos que recollemos datos detallados, o servizo de préstamo, cun 13,41 % de visitas que o utilizan, continúa liderando a nosa oferta e a nosa demanda aínda que o número de usos de préstamo decrece nun 4,86 % con respecto a 2017.

Esta tendencia cara ao descenso no uso deste servizo é común no conxunto das bibliotecas. Hai que ter en conta que arrastramos dende 2011 unha perda acumulada nos orzamentos destinados á compra de fondos de un 17% e a colección leva anos sen ser actualizada adecuadamente. Por outra parte tamén podería estar afectando aos resultados o feito de ofertar en préstamo libros electrónicos. Ao seren este servizo proporcionado por unha plataforma que xestiona o Servizo de Bibliotecas da Xunta de Galicia, non dispoñemos de datos que nos poidan proporcionar información de utilidade para valorar se se está a producir, entre os nosos usuarios e usuarias, un desplazamento dende á lectura en formato impreso ata a lectura dixital

O que máis se presta son os libros (71,15% do préstamo total) e, co 28,85%, séguen o resto de materiais (revistas, CD, DVD...).

Con 1,33 préstamos por habitante superamos os 1,06 da media española e da galega (0,80).

Cun 6,87 % de visitas que utilizan este servizo, o acceso á internet e aos programas ofimáticos (con equipos das bibliotecas) é o segundo máis utilizado. O número de usos deste servizo, no conxunto das bibliotecas, decrece nun 18,22 % con respecto a 2017.

*Segue a incrementarse o número de mulleres/menores que se atenden no **CIM** (931) que sobe un 15% fronte a 2017. É un dato moi salientable por canto os incrementos nos últimos anos foron de 2% en 2015, 4% en 2016 e 0% en 2017.

Pero tamén é moi salientable a porcentaxe de incremento das mulleres que acoden ao CIM por mor de violencia de xénero. Así do total anterior, 667 mulleres por esta causa representan o 71,6% do total de persoas atendidas no CIM en 2017, seguíndose a liña ascendente dos últimos anos (70,8% en 2016 e 73,3% en 2017). En consecuencia, increméntanse os datos de atención en todos os aspectos de atención (psicolóxica, xurídica e social). Destacando de xeito específico o número de menores con atención psicolóxica (tanto no CIM como derivados ao colexio oficial de Psicoloxía de Galicia que conta cun convenio coa Xunta de Galicia).

Increméntase tamén nun 65,2% o número de mulleres usuarias do servizo telefónico ATEMPRO (que acadan un total a 31.12.2018 de 256 mulleres).

Por iso, é importante incidir como fai o Pacto de Estado na necesidade de mellorar a atención dos recursos humanos dedicados á violencia de xénero. Neste ano 2018 fíxose unha asistencia técnica para contar **cun reforzo da asesoría xurídica** para temas puntuais por un ano de duración. Así mesmo, ampliouse a atención social **cunha nova traballadora social e cunha técnica media de Igualdade.**

Sen embargo, desde o último trimestre do ano está vacante o posto de directora da Rede de acollida (**CAM e Pitva**), así como problemas derivados da falta de auxiliares na propia CAM para atender as quendas, libranzas e baixas do persoal en número suficiente.

O grado de ocupación en CAM e PITVAS é similar aos anos anteriores.

*Licitouse en 2018 o contrato de servizos para o desenvolvemento do **Pacto social contra as violencias machistas** nos ámbitos da hostalaría e ocio nocturno, entidades sociais e medios de comunicación que inclúe o deseño e seguimento de accións planificadas nunha folla de ruta específica que permitirá acadar o distintivo de espazo seguro e formarán parte dunha cartografía específica para coñecemento da cidadanía; contarán con formación xeral e específica para estes sectores presencial e tamén en liña; incorporará a edición de guías de boas prácticas dispoñibles na web e con puntos violeta

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1218500 LMUEI-PDMLA-ELZHT 91D5425B51A1D98A3B6701D89B52F9DE965DD453) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por X. Departamento Modernización Procesos (ANGEL JOSE HERNANDEZ LEDESMA) a las 08:45 del día 13/06/2019. Mediante el código de verificación 2B1Y0E4C1B2Q044E1ABD puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gob.es/

que ofrecerán información sobre os espazos seguros e os recursos de interese en eventos cidadás de relevancia.

* Licitouse tamén o contrato de **servizos auxiliares e complementarios no CIM** que suporá a presenza dunha persoa con formación en violencia de xénero para a fase de acollida no CIM tanto presencial como telefónica, cun protocolo de acollida e titulación axeitada.

*Como novidade este ano en canto ao **emprego e inserción laboral** das mulleres vítimas de VX, e aínda que non se conta cun posto de orientadora laboral específico, deriváronse 12 mulleres para o programa formativo de limpeza viaria (convenio entre a Fundación Emalcsa e a empresa Ferrovial Servizos) e 42 mulleres ao servizo municipal de emprego (programa Coruña Emprega)

*Entrou en funcionamento un **servizo específico de canguraxe para mulleres vítimas de VX** que permitiu ás mulleres residentes na CAM a realización de accións formativas así como a realización das xestións legais, médicas e administrativas necesarias.

*Puseronse en marcha un **conxunto de actividades de desenvolvemento persoal e social para mulleres** (39) e menores (14) **vítimas de VX**: terapia asistida con cans; obradoiro de auto-coñecemento para o cambio; e un xardín comestible e terapéutico no propio xardín do CIM grazas ao convenio coa empresa Ferrovial Servizos que ofreceu a formación inicial e as sementes de plantas e especias.

Así mesmo na CAM, o traballo da **mediadora de Igualdade** como nova figura incorporada en 2017, permitiu o desenvolvemento de actividades de derivación dos e das menores a programas deportivo-culturais, de dinamización do tempo de ocio, organización de saídas en grupo e obradoiros na propia Casa, así como o acompañamento para a realización de xestións coas mulleres.

*Un ano máis, é forte a demanda de **alumnado en prácticas** que demanda o CIM. En 2018 colaborouse coa USC e UDC:

- Alumna de prácticas externas curriculares do Mestrado universitario Oficial en Políticas Sociais e intervención socio-comunitaria (MOPS), no período febreiro-abril,

- Alumna de prácticas de Socioloxía no período febreiro – abril

- Alumna de PRACTICUM da Facultade de Psicoloxía da USC no período abril-xuño,

*Continuouse coas reunións con entidades e institucións en asuntos relacionados coa VX (punto de encontro familiar da Xunta de Galicia para coordinación de actuacións; Subdelegación do Goberno en materia de coordinación policial; entidades como Ecos do Sur, Médicos do Mundo, Feafes, etc.).

CANGURAXE

*Entrada en funcionamento dos **novos contratos de canguraxe** tanto na súa modalidade de atención a domicilio (que cubre fundamentalmente traslados de menores)

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1218500 LMUEI-PDMLA-ELZHT 91D5425B51A1D98A3B6701D89B52F9DE965DD453) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por X. Departamento Modernización Procesos (ANGEL JOSE HERNANDEZ LEDESMA) a las 08:45 del día 13/06/2019. Mediante el código de verificación 2B1Y0E4C1B2Q044E1ABD puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gob.es/

como nos espazo de atención á infancia (EAI) e ludotecas. Máis de 50.000 horas prestadas no servizo de canguraxe.

Como consecuencia do novo contrato ponse en marcha no centro cívico de **Palavea un novo espazo de atención á infancia**. Así mesmo, comezase coa renovación de xogos e materiais nos espazos e ludoteca de acordo coa nova contratación. Comezan a funcionar os novos horarios que permiten máis horas de atención.

***Reformulación da información** do Servizo de canguraxe **na web** municipal e publicación dos formularios de preinscrición para os períodos non lectivos.

*Non houbo **convenio coa Deputación** en 2018 (80.000 € en 2017) co que o gasto deste Servizo foi integramente asumido polo Concello, aínda que a apertura do espazo de Palavea posibilita un servizo metropolitano xa que pode ser utilizado por persoas que traballen na Coruña.

*Impartición de sesión informativa sobre o funcionamento do Servizo de canguraxe no programa "posto a posto" do Servizo de Emprego (09.07.2018) con 9 participantes.

EDUCACIÓN POLA IGUALDADE E CAMPAÑAS

*Inaugurase a **Escola de Empoderamento Feminista**. No acto de presentación no Paraninfo contouse coa conferencia de Silvia Federici cun aforo desbordado. A Escola contou en 2018 con dúas edicións e clausurouse en decembro nun acto no salón de plenos con entrega de diplomas polo alcalde. Editáronse 250 cartaces e máis de 1000 folletos informativos, ademais da difusión nas redes sociais e web municipal. O 27 de decembro celebrouse no salón de Plenos un acto formal de peche e entrega de diplomas ás persoas participantes das dúas edicións do ano ao que asistiron 53 mulleres. Neste acto realizouse unha avaliación máis profunda e significativa contando coa dinamización duna monitora.

* No programa estable de **obradoiros de Coruña Educa** coa entrada en vigor en 2017 do contrato de servizo, baixa nun 34,5% o número de menores e centros educativos participantes. Isto foi debido ao descenso nos obradoiros específicos de Igualdade e nos contacontos para educación infantil, non así nos relativos á educación afectivo-sexual nos IES que aumentan a participación nun 13,7%. A enorme oferta de actividades do programa municipal de Coruña Educa e doutros organismos e entidades fan que cada vez máis os colexios opten por variar as actividades de cada curso escolar. Así mesmo, o programa de educación infantil supón un importante compromiso do profesorado por canto debe realizarse ao longo dun tempo importante con actividades para o profesorado e o alumnado a realizar ao longo do curso escolar (50 horas).

*Sen embargo o anterior **o número total de participantes en actividades aumenta cada ano**, xa que aumenta o nº de menores en contacontos nas bibliotecas municipais en temas de educación afectivo sexual (pasa de a 649 a 735) o que supón un incremento dun 13,25%; nº de participantes en charlas de VIH-Sida, obradoiros para familias, e a escola de empoderamento, sen prexuízo das persoas participantes en diferentes actividades desenvolvidas no marco das campañas do 8 de marzo e 25 de novembro.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1218500 LMUEI-PDMLA-ELZHT 91D5425B51A1D98A3B6701D89B52F9DE965DD453) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por X. Departamento Modernización Procesos (ANGEL JOSE HERNANDEZ LEDESMA) a las 08:45 del día 13/06/2019. Mediante el código de verificación 2B1Y0E4C1B2Q044E1ABD puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gob.es/

*Estableceuse a **inscrición en liña** a través de formulario para as actividades da Escola de Empoderamento, Tarde Xove e dous roteiros feministas "A Lonxa" e "o camiño das lobas", e ofertouse o **servizo de canguraxe e o de interpretación en lingua de signos** para moitas das actividades dirixidas á cidadanía.

* En canto á **Campaña do 8 de marzo** ("mulleres que transforman realidades") destacar á vista á lonxa guiada por mulleres que alí traballan e representan distintos sectores de actividade. Un roteiro e un concerto na praza de Tabacos ao fío da lectura do Manifesto complementaron a campaña. Foi unha campaña sinxela para non interferir no día de folga, que foi complementada despois por moitas actividades realizadas por outros servizos municipais (bibliotecas, ciclos de cine, escola intercultural, IMCE, etc)

* **Campaña 25 de novembro** ("Contra as violencias machistas"): Este é o terceiro ano no que se leva a cabo la campaña de sensibilización contra as violencias machistas, xunto co resto de entidades locais adheridas (en 2018: 102 concellos e 3 diputacións provinciais) . A sinatura do protocolo de adhesión da campaña foi no Pazo de Raxoi (Santiago de Compostela) o 12 de novembro.

Como **novidade no repartimento de materiais** (cartaces de diferentes tamaños, roll-ups, chapas, camisetas, distintivos autocolantes para coches, posavasos, manteis, paraugas, mochilas, pañoletas, etc) sinalar a **centralidade e cooperación no repartimento** dos mercados, hostalaría e ocio nocturno da zona centro, zonas comerciais de Monte Alto e Os Mallos. Este ano, tamén coma novidade, colocaronse dous puntos de información e reparto de materiais na cidade nos que dúas persoas atenderon a toda a cidadanía que o demandou. As mesas estiveron colocadas no Fórum Metropolitano (calle Río Monelos) e no Centro cívico de Monte Alto, os días 19 e 20 de novembro. Outros espazos de distribución e colaboración, foron no ámbito educativo 24 facultades da Universidade da Coruña), da Saúde (14 centros de saúde 3 espazos hospitalario), do ámbito deportivo non municipal (instalacións de A Sardiñeira, Elviña, San Diego, Agra do Orzán), ademais do pedimento de material por parte de hoteis, entidades, centros educativos, colexios profesionais, clubes deportivos, librarías, etc.

Destacar a colaboración directa das empresas Vegalsa, Gadisa, Compañía de Tranvías, Deportivo de A Coruña e Coca-Cola co financiamento de materiais e/ou colocación de material publicitario.

* A **Campaña 3 de decembro** ("Día da Discapacidade") estivo enmarcada no Programa FESTI=:Festival de Artes pola inclusión cultural que promove a Fundación EMALCSA e o Concello de A Coruña. O dia 3 de decembro se concentraron na praza de María Pita, 28 entidades sociais da Coruña con Discapacidade funcional e mais de 500 menores de distintos colexios da cidade.

*Outras actividades de sensibilización a destacar foron: No marco do **Festival Mar de Mares**, un ano máis, a Concellería participou coa posta en escena na Fundación Paideia o 22 de setembro dos "monólogos tres científicas".

SAÚDE SEXUAL E REPRODUTIVA (COF)

* Posta en marcha do programa "A Tarde Xove" no COF que comezou a realizar os primeiros obradoiros, se ben aínda non finalizaron os iniciados, por iso a participación

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1218500 LMUEI-PDMLA-ELZHT 91D5425B51A1D98A3B6701D89B52F9DE965DD453) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por X. Departamento Modernización Procesos (ANGEL JOSE HERNANDEZ LEDESMA) a las 08:45 del día 13/06/2019. Mediante el código de verificación 2B1Y0E4C1B2Q044E1ABD puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gob.es/

será medida o vindeiro ano. Realizaronse cartaces específicos cos obradoiros que foron enviados aos distintos centros de ensino da cidade, centros cívicos e CMIX, así como publicados nas redes sociais. Os obradoiros son específicos de ata seis temáticas distintas ou ben pódense realizar un obradoiro xeral completo (6 horas de duración repartidas en dúas semanas).

* Rexístranse pequenos incrementos no número de persoas que acoden por primeira vez ao COF, así como o motivo que segue a ser a anticoncepción, e aumentan tamén de xeito importante as consultas á traballadora social. Sen embargo hai unha baixada no caso das consultas primeiras para interrupción voluntaria da xestación (IVX) e das mulleres derivadas do COF do Ventorrillo tanto que acoden por primeira vez, como as derivadas para IVX e as súas revisións. No caso das derivacións de consultas iniciais destacan as profesionais do COF a maior preparación e formación en anticoncepción das matronas dos centros de saúde.

Increméntanse tamén as persoas asistentes ás tradicionais charlas informativas do COF os venres pola mañá.

* Este ano tivo lugar o 35 aniversario do COF e programáronse diversas actividades para conmemoralo, xunto con cartaces específicos e edición de material informativo: 3 faladoiros, un obradoiro para familias nas bibliotecas, 2 contacontos específicos nas bibliotecas municipais, obras de teatro no Fórum ("Mosca" par mocidade a partir dos 12 anos e "Rosa Caramelo" para educación infantil e primaria), obra de teatro dinamizada "vestido de boda" a través de Coruña Educa, un concerto na Praza da Leña e unha animación pola rúa para presentar o programa de actividades.

*A Concellería de Igualdade reclamou ao Sergas a cobertura da praza de xinecoloxía no COF do Ventorrillo, un protocolo para IVE,S de máis de 14 semanas (as mulleres seguen indo a Madrid sen anticipo de gastos e sen gastos para unha persoa acompañante nin os da posible pernocta), así como recuperar a atención sanitaria polas tardes.

MIGRACIÓNS (UAMI), CIDADE REFUXIO E COOPERACIÓN INTERNACIONAL

* Hai un incremento do 8,7% no número de persoas atendidas. A porcentaxe de persoas inmigrantes que acoden ao servizo baixa do 81,2% ao 79,5%, pero non é debido a que acudan menos persoas en termos cuantitativos, senón que aumentan as persoas coa condición de emigrantes retornados (este colectivo aumenta un 19,41%, xa que pasa de 134 a 233 persoas atendidas). Hai tamén un incremento (35,4%) no número de asistentes aos cursos formativos e tamén do número de cursos ofertados. A baixada no número de visitas ao Club de Emprego aparece motivada pola xestión desas visitas no aplicativo SOCYAL, o que permite unha maior concreción e seguimento. Interesa destacar o aumento na porcentaxe de emigrantes retornados que acoden á UAMI (19,41% fronte ao 17,1% do ano anterior)

* Na **Escola Intercultural** o número de prazas é estable e sempre está no seu tope (48 menores). O número total de menores que pasou pola Escola ao longo do ano foi de 62, e a súa procedencia de orixe, en máis do 60%, foi Senegal e Marrocos. O número de menores en lista de espera ao rematar o ano era de 39. O dato de número de alumnado que se repite é o cómputo de alumnado que estaba na actividade no primeiro período e

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1218500 LMUEI-PDMLA-ELZHT 91D5425B51A1D98A3B6701D89B52F9DE965DD453) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por X. Departamento Modernización Procesos (ANGEL JOSE HERNANDEZ LEDESMA) a las 08:45 del día 13/06/2019. Mediante el código de verificación 2B1Y0E4C1B2Q044E1ABD puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gob.es/

que continúa no segundo, do total (é dicir dos 62 que pasaron pola actividade repiten 37), xa que non alcanzaron aínda os obxectivos propostos.

Neste ano licitouse o servizo da ”Escola Intercultural” que pasa dun importe de 35.000 € anuais a un tipo de licitación de 103.000e. Increméntase o número de horas de atención, que pasa de 1.600 a case 3.000, dunha atención de 48 a 72 menores e incorpora novos grupos por idade escolar. Inclúe como novas prestacións a realización dos venres alternativos, escola de verán, 30 obradoiros nos CEIP ou IES aos que pertenzan os/as menores, un servizo de auxiliares intérpretes que axuden as persoas migrantes na realización de trámites co Concello, excursións de fin de curso e actividades de ocio para menores e familias e edición de material informativo para os centros escolares e a comunidade migrante. O novo prego incorpora como obriga a disposición dun local propio, amoblado e con dotación suficiente de ordenadores e conexión de internet coa fin de visibilizar e mellorar o espazo actual. O contrato supón tamén una ampliación de persoal e a mellora das súas condicións salariais. Pasa para o ano seguinte a súa adxudicación.

* Dos 14 **convenios nominativos** a entidades de 2018 hai que destacar que **10** están adicados ao ámbito das migracións e da cooperación internacional, aínda que algúns teñen ademais unha clara interseccionalidade.

Destaca este ano 2018 como novos convenios os das **entidades AIRE e o do Fondo Galego de Cooperación.** Neste último caso desenvolveuse un programa de arte urbano “Muros que unen”, por medio da aprobación previa polo Fondo dunhas bases e convocatoria do concurso e dos premios, relacionado con dous obxectivos de desenvolvemento sostible de NU(pobreza e igualdade de xénero) e aportando o Concello os espazos públicos. As dúas obras gañadoras poden verse na rúas Pose e Falperra.

*Incrementouse o cadro de persoal da UAMI cunha técnica media de Igualdade e cubriuse o posto de coordinadora de centros e programas ao que se adscribe este servizo. Así mesmo, incorporouse unha auxiliar administrativa por seis meses.

*Contouse cunha alumna en prácticas do Mestrado da Avogacía.

* Traslado da UAMI desde o Ágora ao centro cívico dos Mallos.

DIVERSIDADE SEXUAL (ESPAZO DIVERSO)

*En xuño de 2018 tivo que finalizar a prestación deste servizo, por canto a empresa que resultara adxudicataria do contrato licitado en 2017 renunciou no último momento. Isto obrigou a volver a licitar o servizo, agora coa adaptación á entrada en vigor na nova normativa de contratación do sector público e pola vía de urxencia para poder continuar coa atención personalizada das persoas que estaban sendo xa atendidas. Esta licitación foi recorrida no prazo de presentación de ofertas e o Tribunal Administrativo de Contratación da Xunta de Galicia anulou un dos criterios de adxudicación. A finais de ano volveuse a licitar pola vía de urxencia este servizo. Os datos que se reflicten na memoria, polo tanto, corresponden ao período de xaneiro a xuño.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1218500 LMUEI-PDMLA-ELZHT 91D5425B51A1D98A3B6701D89B52F9DE965DD453) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por X. Departamento Modernización Procesos (ANGEL JOSE HERNANDEZ LEDESMA) a las 08:45 del día 13/06/2019. Mediante el código de verificación 2B1Y0E4C1B2Q044E1ABD puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gob.es/

*En 2018 asinouse un convenio coa entidade ALAS para o financiamento dun Observatorio coruñés contra a LGTBfobia.

* Nas actividades do Orgullo LGTBQI 2018 baixo o lema “Visibiliza-T” destacar os 4 obradoiros realizados, a exposición de cómic “¿Hay alguien ahí?”, un faladoiro no Ágora a partir do libro “22 segundos” e outros dous máis sobre lexislación trans e delitos de odio, o ciclo de cine do Fórum, 2 videofórum e o concerto da praza que non se realizou por causas metereolóxicas.

Así mesmo, instalouse a bandeira multicolor na fachada do Concello, na Domus e banderíns nos mercados municipais e realizouse pintado de catro bancos nos xardíns de Méndez Núñez, xunto coas entidades ALAS e Amizando.

*Co gallo do día internacional da despatoloxización Trans, levaronse a cabo nos xardíns de Méndez Núñez o 20 de outubro unha serie de actividades, como o pintado de dous bancos, instalación dunha haima para que as entidades informasen sobre o traballo que realizan e actuación dun dúo musical.

FOMENTO E APOIO AO TRABALLO DE ENTIDADES COMPROMETIDAS E ACTIVAS NA PROCURA DUNHA CIDADE IGUALITARIA, DIVERSA E INCLUSIVA

*Cumpriuse co obxectivo de tramitar anticipadamente a convocatoria de **subvencións en concorrencia competitiva para 2019** e incorporar os proxectos de “educación pola cidadanía global”, en consonancia cos obxectivos de desenvolvemento sostible da Axenda 2030 de NU. Amplíase a dotación orzamentaria que pasa de 100.000 a 150.000 euros.

Os datos da memoria corresponden á resolución da convocatoria de 2017 que non puido ser resolta no ano anterior pola escaseza de persoal e a necesidade de tramitación de 47 convenios nominativos, moitos dos cales pasaron este ano a Xustiza Social.

*Tramitación da xustificación e sinatura dos **16 convenios nominativos** competencia do Servizo (tramitados novos 14, 1 renuncia e 1 non tramitado por non xustificación do ano anterior).

* Colaboración co **“Club de los Leones”** de A Coruña nunha actividade de sensibilización o día 15 de xuño no Obelisco para concienciar á poboación das barreiras coas que se encontran dia a dia as persoas con discapacidade visual, así coma as complicacións para levar a cabo o seu traballo.

* Organización e colaboración un ano máis con **ACEM** na actividade da **“Barbería Solidaria”** o 9 de xuño nos xardíns de Méndez Núñez para visibilización da esclerose múltiple con motivo do día mundial (25 de maio) desta enfermidade.

*Segundo ano de organización da **Feira “Máis que capaces”** en ExpoCoruña no marco da XXV Feira de Autónom@s desde o 5 ata o 8 de decembro nos que a Concelelría puxo a disposición das entidades que contan con centros especiais de emprego, escolas ou talleres ocupacionais que, a través da fabricación e venda de productos artesanais,

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1218500 LMUEI-PDMLA-ELZHT 91D5425B51A1D98A3B6701D89B52F9DE965DD453) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por X. Departamento Modernización Procesos (ANGEL JOSE HERNANDEZ LEDESMA) a las 08:45 del día 13/06/2019. Mediante el código de verificación 2B1Y0E4C1B2Q044E1ABD puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gob.es/

favorecen a integración e o empoderamento das persoas para as que traballan arreo. Este ano solicitaron o espazo 6 entidades.

*Outras actividades **organizadas pola Concellería ou en colaboración con entidades** foron, entre outras:

- Con SOS Racsimo na presentación o 21 de marzo do informe anual dos casos de racismo e discriminación recollidos pola oficina do mesmo nome en 2017 (e que conta cun convenio nominativo específico en 2018)

- Co Fondo "Asilo e Migracións" na realización dun obradoiro de expresión corporal no Ágora o 22 de xuño (reserva de espazo no Ágora)

- Coa asociación "la Paz de Touba", celebración dunha xornada sobre a cultura senegalesa, no auditorio do centro cívico dos mallos o 28 de outubro.

- Colaboración coa Policía local na entrega de materiais e enseres procedentes da oficiña de obxectos perdidos non reclamados a oito entidades sociais.

- Intermediación coa Alcaldía para a iluminación da Torre de Hércules para cinco entidades sociais que o solicitaron ata a asunción da xestión directamente pola Alcaldía.

TRANSVERSAIDADE

*Iniciouse o seguimento do **III Plan de Igualdade** (maio 2018 a maio 2019). O plan contén unhas 61 actuacións previstas e os correspondentes indicadores para súa avaliación.

Este seguimento centrouse fundamentalmente co Servizo de Persoal ao ser da súa competencia a maioría das accións e axuntándolle as ferramentas de recollida de información e o deseño do plan de traballo. Con este Servizo teñen lugar durante o período do 2018 tres reunións de seguimento e obtención da información.

O día 18 setembro ten lugar a I reunión informativa coa Comisión Técnica Interdepartamental de Transversaidade integrada por representantes do tódolos Servizos municipais, para informar e presentar as actuacións previstas do Seguimento do Plan de Igualdade do Persoal.

O 11 de outubro de 2018, envíase a todos os servizos e departamentos (28 comunicacións) a primeira ferramenta de seguimento correspondente as actuacións comúns do Plan que afecta a todas as áreas municipais. Trátase de obter un coñecemento xeral do estado de execución das medidas e as dificultades atopadas co fin de recoller información necesaria para o primeiro informe de seguimento, realizado en decembro de 2018. Contestaron 22 departamentos municipais.

*Iniciase o novo contrato de **videointerpretación en lingua de signos** no que, ademais da videointerpretación nos rexistros administrativos para realización de trámites administrativos, inclúense o subtitulado e videointerpretación en lingua de signos dos vídeos e audios nas webs de noticias ou eventos que precisen os diferentes servizos municipais do Concello.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1218500 LMUEI-PDMLA-ELZHT 91D5425B51A1D98A3B6701D89B52F9DE965DD453) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por X. Departamento Modernización Procesos (ANGEL JOSE HERNANDEZ LEDESMA) a las 08:45 del día 13/06/2019. Mediante el código de verificación 2B1Y0E4C1B2Q044E1ABD puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gob.es/

*Consolídase o Observatorio de Igualdade e Diversidade **(OMID**) coa publicación do seu III informe de "Coruña en cifras", con 89 indicadores e datos en "open data" (realmente non é unha baixada fronte aos 100 do ano 2017, senón que antes non estaban definidos indicadores senón que se computaban as tablas de datos utilizadas); continúan realizándose os informes relativos ao **Observatorio Socio-laboral** (22 informes) para a Área de Emprego e Empresa con máis de 100 indicadores, así como a labor do **Observatorio Urbano** que continúa a proporcionar datos estatísticos a petición doutras áreas (Observatorio de Mobilidade Metropolitano; Diagnóstico social da cidade de Xustiza Social; gabinete de prensa; Servizo de Educación para a candidatura de Boas Prácticas UNICE; Servizo de Participación Cidadá, etc).

Reformulación da liña EIDUS dedicada ao OMID en clave de axenda urbana europea, que está pendente de autorización polo goberno central.

*Tan só realizouse unha acción formativa no **Plan de Formación municipal**. Unha edición do curso de comunicación inclusiva ao que asistiron 25 persoas, se ben contou cunha lista de espera de 14 persoas.

*Creación do **Consello Municipal de Igualdade** e aprobación das súas normas de funcionamento (BOP 14.12.208) como órgano para a participación cidadá, colexiado e de carácter sectorial, de natureza consultiva e propositiva no Concello da Coruña no ámbito da igualdade de xénero e das diversidades afectivo sexuais.

*Incorporación ao **rueiro municipal** da nova rúa "Marcela e Elisa" que súmase á praza de Elvira Bao do ano 2017.

*Colaboración coa Concellería de Mobilidade para a posta en marcha do "Bus Búho" que comeza a funcionar no mes de xullo para os venres, sábados e vísperas de festivos en horario de 00.30 h a 04.40 h.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1218500 LMUEI-PDMLA-ELZHT 91D5425B51A1D98A3B6701D89B52F9DE965DD453) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por X. Departamento Modernización Procesos (ANGEL JOSE HERNANDEZ LEDESMA) a las 08:45 del día 13/06/2019. Mediante el código de verificación 2B1Y0E4C1B2Q044E1ABD puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gob.es/

Servizo Municipal de Participación

Responsable: Pita Seijas, Mª Carmen
Dirección: Plaza de María Pita, 1
Teléfono: Ext 33086.

MISIÓN

Crear, definir e fornecer unha cultura orientada á **participación cidadá activa**, fomentándoa a través da articulación de novos dereitos para a veciñanza, a través dos que exercer a democracia directa, tomando decisións de xeito directo en temas como o orzamento municipal.

Cada canle de participación supón afianzar un dereito da cidadanía:

- O **"Escano Cidadán"** permite a participación no Pleno do Concello para colocar as preocupacións da cidadanía na axenda política da Corporación.
- **"A Porta Aberta"** articula procesos participativos abertos para que a cidadanía poida achegar a súa visión sobre os problemas e as decisións que afectan aos barrios e á cidade.
- Os **"Orzamentos Participativos"**, unha ferramenta para que os veciños e as veciñas da Coruña decidan libremente e de maneira directa en que empregar unha parte do orzamento do Concello.
- O **"Dillo Ti"** abre un canal directo entre a cidadanía e o goberno municipal para facerlle chegar as súas propostas e suxestións.

Trátase de poñer a intelixencia colectiva ao servizo do ben común, para así mellorar a cidade, integrando as necesidades da veciñanza nos procesos de toma de decisións do goberno municipal e articulando sempre as vías precisas para garantir a participación de todas e todos dunha maneira accesible.

Ademais, as políticas de **mocidade** artellanse desde o concello da Coruña, a través da concellaría de Participación e Innovación Democrática, están enfocadas á mocidade en xeral, tentando abordar as súas complexidades e circunstancias. Están definidas pola procura dunha **interlocución directa** coa mocidade, un coñecemento da realidade xuvenil e unhas **metodoloxías** de traballo **abertas e participativas** contruidas a partir das demandas, as propostas, os intereses e as necesidades detectadas.

O traballo no eido da mocidade terá unha estrutura trasversal fortalecido pola colaboración con outros departamentos municipais, institucións, entidades e tecido social vencellados, dunha forma ou outra, á mocidade.

FUNCIÓNS

1. Abrir e manter dereitos da veciñanza e canáis para a participación cidadá

1.1. Encontros abertos do goberno municipal coa veciñanza, "Dillo Ti"

O Concello da Coruña, a través da Concellería de Participación e Innovación Democrática organizou durante o ano 2018 un total de **11 encontros abertos do**

DOCUMENTO
Cuenta general: **MEMORIA DE GESTIÓN 2018**
IDENTIFICADORES
OTROS DATOS
Código para validación: **LMUEI-PDMLA-ELZHT**
Página 222 de 427
SELLO
FIRMAS

programa Dillo Ti, un espazo de comunicación directa entre o Alcalde, o equipo de goberno e a veciñanza.

Todos os encontros contan cun **servizo de conciliación** e **intérpretes de linguaxe de signos** para persoas xordas, ademáis dun **servizo de mediación e facilitación** para xestionar os tempos e a diversidade na participación.

Encontros "Dillo Ti" celebrados e persoas asistentes a cada un deles durante o ano 2018:

ENCONTROS		ASISTENCIA			CONCILIACIÓN		
DATA	LUGAR	Persoas	Mulleres	Homes	Nen@s	Nenas	Nenos
27/01	Pazo da Ópera	43	15	28	0		
24/02	CCM Elviña	92	47	45	5	3	2
17/03	Centro Veciñal de Nostián	29	14	15	0		
21/04	Accede Papagaio	65	30	35	0		
02/06	CCM San Diego	53	23	30	1	1	0
30/06	CCM San Pedro de Visma	48	23	25	6	3	3
15/09	CCM Os Mallos	69	31	38	2	1	1
03/11	Espazo veciñal do Birloque	60	25	35	2	0	2
10/11	CCM Monte Alto	77	44	33	4	3	1
01/12	Casa da Auga	64	35	29	4	4	0
22/12	Colexio Liceo La Paz	60	28	32	2	2	0
	TOTAIS	**660**	**315**	**345**	**26**	**17**	**9**

1.2. Participación nos Plenos Municipais, "Escano Cidadán"

Durante o ano 2018 mantívose activo o procedemento de intervención nas sesións do Pleno, coa finalidade de **favorecer a máxima participación cidadá** nun marco de desenvolvemento normal do Pleno.

Nos Plenos Ordinarios celebrados neste ano, interviñeron un total de **5 persoas,** unha delas representando unha entidade veciñal, e as outras catro de xeito particular.

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por X. Departamento Modernización Procesos (ANGEL JOSE HERNANDEZ LEDESMA) a las 08:45 del día 13/06/2019. Mediante el código de verificación 2B1Y0E4C1B2Q044E1ABD puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gob.es/

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1218500 LMUEI-PDMLA-ELZHT 91D5425B51A1D98A3B6701D89B52F9DE965DD453) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1218500 LMUEI-PDMLA-ELZHT 91D5425B51A1D98A3B6701D89B52F9DE965DD453) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por X. Departamento Modernización Procesos (ANGEL JOSE HERNANDEZ LEDESMA) a las 08:45 del día 13/06/2019. Mediante el código de verificación 2B1Y0E4C1B2Q044E1ABD puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gob.es/

2. Articular mecanismos para a participación directa da veciñanza na toma de decisións: "A Porta Aberta"

Os procesos participativos enmarcados dentro do programa xenérico **A Porta Aberta** están dirixidos a toda a cidadanía, para que todas as persoas poidan achegar a súa visión sobre problemas e decisións que afectan aos barrios, á cidade e ao seu modo de vida.

Co desenvolvemento, por terceiro ano consecutivo, dos "**Orzamentos participativos",** a veciñanza participóu na elaboración dos orzamentos municipais do ano 2019, decidindo como investir tres millóns de euros, un millón na cidade e dous millóns distribuídos entre os 10 distritos.

Ademáis, no marco de A Porta Aberta levouse a cabo en 2018 o proceso participativo denominado **"Tecendo Litoral",** en colaboración coa Concellería de Rexeneración Urbana e Dereito á Vivenda, co obxectivo de indagar e dialogar sobre os posibles futuros usos dos terreos do Porto que a cidade recuperará próximamente.

2.1. Programa de orzamentos participativos

En 2018 a Concellaría de Participación e Innovación Democrática desenvolveu de novo o programa de **Orzamentos Participativos**, unha ferramenta para que os veciños e as veciñas decidan de maneira directa **en que empregar unha parte do orzamento** do Concello.

A cantidade asignada a este programa foi, igual que no pasado exercizo, de **3 millóns de euros**, 1 millón para propostas de cidade e 2 millóns para repartir entre as propostas dos 10 distritos.

Para garantir a participación, habilitáronse uns espazos de apoio presencial nos que o persoal especializado presta o apoio necesario para garantir a participación de xeito rápido e sinxelo.

O programa executouse conforme á mesma estrutura dos anos previos: catro fases que van dende **o prazo de presentación das propostas, ata a fase de votación** final das propostas previamente **priorizadas** e **avaliadas** técnicamente.

En 2018 contabilizáronse un total de **3.320 persoas** verificadas na plataforma de participación dos orzamentos participativos e, delas, participaron de forma efectiva ao longo do proceso un total de **3.059 persoas.**

O resumo dos datos de participación por distrito e sexo son os seguintes:

Ámbito	Mulleres	Homes	Sen especificar
Distrito 1	81	78	
Distrito 2	198	204	1
Distrito 3	120	116	
Distrito 4	135	138	
Distrito 5	203	201	1
Distrito 6	99	94	

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1218500 LMUEI-PDMLA-ELZHT 91D5425B51A1D98A3B6701D89B52F9DE965DD453) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por X. Departamento Modernización Procesos (ANGEL JOSE HERNANDEZ LEDESMA) a las 08:45 del día 13/06/2019. Mediante el código de verificación 2B1Y0E4C1B2Q044E1ABD puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gob.es/

Ámbito	Mulleres	Homes	Sen especificar
Distrito 7	355	331	
Distrito 8	112	109	
Distrito 9	188	156	
Distrito 10	66	72	1
TOTAL	**1.557**	**1.499**	**3**

Recopiláronse **909 propostas,** das cales foron declaradas **viables 696** na primeira fase. Como resultado da fase de apoios, **183 propostas foron avaliadas** e, finalmente, houbo **49 propostas** elixidas directamente pola veciñanza, que se incorporaron ao Orzamento Xeral do Concello da Coruña de 2019.

Do número total de propostas gañadoras, **10 foron propostas de cidade 39 de distrito**, distribuidas entre os dez distritos administrativos da cidade.

En canto á participación presencial, celebráronse un total de **3 encontros abertos de rúa**, **7 encontros informativos e de debate** en diferentes barrios e coas entidades que forman parte do REMAC, e **2 xornadas formativas** distribuidos da seguinte forma:

Os datos globais de participación presencial nestes encontros presenciais son os seguintes:

ENCONTRO	MULLERES	HOMES	TOTAL
Xornadas formativas (2)	32	11	**43**
Encontros coas entidades do REMAC e encontros informativos e de debate (7)	18	12	**30**
Encontros de rúa (Obelisco, Pza. de Lugo e Pza. da Cubela)	425	325	**750**
TOTAL	**475**	**348**	**823**

2.2. Proceso Participativo para a definición do bordo litoral, "Tecendo Litoral"

Un proceso participativo desenvolvido en colaboración coa Concellería de Rexeneración Urbana para investigar e dialogar sobre os futuros usos dos terreos do Porto que se liberarán nos próximos anos.

O proceso participativo estructurouse en dúas fases: a **investigación** (de xaneiro a abril) e o **Foro cidadán** (abril).

A fase de **investigación** abrodou tres liñas de estudo e análise:

- Análise dos **usos actuais**, atendendo especialmente á súa relevancia económica e ao seu impacto social.
- Análise de **novos usos produtivos** e oportunidades para o bordo litoral da Coruña.
- Análise de **cidades de referencia** relevantes no ámbito estatal e internacional.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1218500 LMUEI-PDMLA-ELZHT 91D5425B51A1D98A3B6701D89B52F9DE965DD453) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por X. Departamento Modernización Procesos (ANGEL JOSE HERNANDEZ LEDESMA) a las 08:45 del día 13/06/2019. Mediante el código de verificación 2B1Y0E4C1B2Q044E1ABD puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gob.es/

A meirande parte do traballo de campo con axentes realizouse a través de **entrevistas cualitativas individuais**, dunha duración aproximada de entre 1 e 2 horas para afondar nos temas de estudo ou experiencias de cada persoa.

Neste formato, realizáronse máis de 40 entrevistas. O perfil maioritario foi persoal investigador, aínda que tamén se buscaron voces do tecido empresarial, social, e institucional.

Ademáis, no mes de marzo celebráronse **catro grupos de discusión**, deseñados como espazos metodolóxicos para recoller información aportada polos distintos axentes vinculados ás principais liñas de estudo e investigación:

- Memoria e impacto social das transformacións.
- Territorio: mobilidade, sustentabilidade e urbanismo.
- Economía azul e usos.
- Actividade portuaria

A diferenza das entrevistas cualitativas, os grupos de discusión son espazos colectivos (entre 6 e 9 persoas), cunha duración de 90 minutos, onde se busca promover o debate e afondar na información de cada eixo, a través de preguntas clave.

Resumo de datos globais de participación nesta primeira fase de investigación:

	Homes	**Mulleres**	**Total**
Entrevistas cualitativas	31	8	39
Grupos de de discusión	17	6	23
Xuntanza informativa	14	3	17
TOTAL	**62**	**17**	**79**

Pola súa banda, o **Foro "Tecendo Litoral"**, celebrado en Palexco durante os días 27 e 28 de abril, foi concebido un espazo de encontro e conversa da cidade, que axudou a coñecer mellor o litoral da cidade e as oportunidades que presentan para A Coruña os terreos do porto interior.

En canto á participación, no **Foro** inscribíronse un total **272 persoas**.

O Foro cidadán contou con diversos momentos onde a participación se materializou dun ou outro xeito, tal e como aparece reflexado neste cadro:

DINÁMICA	**CANDO**	**QUEN**	**PERSOAS**
Achegas nos debates	Despois das intervencións	Todas as persoas	27
Un porto con memoria	Venres 27 ás 13:30h	Todas as persoas	47
O porto que queremos	Sábado 28 ás 16:30h	Todas as persoas	99
Almorzo workshop	Domingo 29 ás 10:30h	Persoas relatoras e equipo investigación	29
			202

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1218500 LMUEI-PDMLA-ELZHT 91D5425B51A1D98A3B6701D89B52F9DE965DD453) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por X. Departamento Modernización Procesos (ANGEL JOSE HERNANDEZ LEDESMA) a las 08:45 del día 13/06/2019. Mediante el código de verificación 2B1Y0E4C1B2Q044E1ABD puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gob.es/

3. Activar unha Escola de Participación

En 2018 a Concellería de Participación e Innovación Democrática puxo en marcha un novo programa de apoio ás entidades e os colectivos informais da cidade: a **Escola de Participación**, un espazo de formación e aprendizaxe que tivo lugar entre os meses de setembro e decembro terá lugar, con carácter **gratuito**, en diferentes espazos da cidade.

Impartíronse os cursos que se indican de seguido, e o número de persoas participantes e o que se indica na tamén na táboa:

CURSO	Mulleres	Homes	TOTAL
Innovación social, procesos participativos e xestión grupal	5	2	7
Metodoloxía para a participación xuvenil	2	1	3
Como crear unha asociación	5	3	8
Protección de datos de carácter persoal en ONL	13	2	15
Asociacións e convenios administrativos	6	1	7
Comunicación en entidades non lucrativas	15	2	17
Realización e xestión de proxectos	11	3	14
Curso básico de financiamento	11	2	13
Curso básico de fiscalidade	9	4	13
Curso básico de subvencións (2 edicións)	14	4	18
Curso básico de contabilidade	10	3	13
Implantación de medidas de igualdade de xénero en ONL	12	0	12
TOTAL	**113**	**27**	**139**

4. Organización do IV Encontro Ibérico de Orzamentos Participativos

A cidade da Coruña foi sede en 2018 do **IV Encontro Ibérico de Democracia e Orzamentos Participativos**, que se celebrou no Centro Ágora durante os días **4, 5 e 6 de xullo**, en colaboración coa Rede de Cidades Participativas e a Rede de Autarquías Participativas e o apoio técnico do Observatorio Internacional de Democracia Participativa e a Unión de Cidades Capitais Iberoamericanas.

Este Encontro abriú un espazo de intercambio e reflexión sobre as diversas experiencias de orzamentos participativos que se levan a cabo en toda a península e illas, así como en cidades iberoamericanas. Os seus obxectivos poden resumirse en**:**

- A nivel estatal:
    - Visibilizar o mapa de concellos que están a traballar orzamentos participativos en Galicia e no resto do Estado, creando alianzas estratéxicas entre eles.
    - Impulsar a Rede de Cidades Participativas, acordando unha axenda concreta co horizonte 2020.
    - Asinar un acordo de mínimos que debería conter todo proceso de orzamentos participativos, coa marcaxe de indicadores para valorar os procesos que se executen.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1218500 LMUEI-PDMLA-ELZHT 91D5425B51A1D98A3B6701D89B52F9DE965DD453) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por X. Departamento Modernización Procesos (ANGEL JOSE HERNANDEZ LEDESMA) a las 08:45 del día 13/06/2019. Mediante el código de verificación 2B1Y0E4C1B2Q044E1ABD puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gob.es/

- A nivel internacional:
    - Deseñar unha axenda común de relacións internacionais a través das redes existentes.
    - Crear espazos de visibilidade e intercambios de experiencias entre as persoas participantes e invitadas.

A través de mesas de traballo e talleres, o Econtro Ibérico contou con máis de 40 persoas relatoras procedentes de capitais como Lisboa e Madrid, ata municipios máis pequenos como Tomiño e Vila Nova da Cerveira, que están levando a cabo un orzamento participativo transfronteirizo na Eurorrexión Galiza-Norte de Portugal.

Datos de participación:

	MULLERES	HOMES	TOTAL
Persoas asistentes ás mesas de traballo e talleres	76	67	**143**
